

INSERCIÓN LABORAL DO ALUMNADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL QUE REMATOU OS SEUS ESTUDOS NO CURSO 2011-2012

Resultados do estudo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**FORMACIÓN
PROFESIONAL**



Título:

Inserción laboral do alumnado de formación profesional que rematou os seus estudos no curso 2011-2012

Financia:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

Elabora:

IDEARA S.L.

Edita:

IDEARA S.L.

Lugar e data:

Santiago de Compostela, Maio de 2014

Fonte imaxes portada:

<http://es.123rf.com>. Autores: goodluz (imaxes horizontais), Cathy Yeulet (imaxe vertical)

1. INTRODUCCIÓN	7
2. RESULTADOS	15
2.1. SITUACIÓN XERAL DA FP EN GALICIA	19
2.1.1. Principais conclusións da análise	19
2.1.2. Análise da inserción laboral das persoas tituladas	22
2.1.3. Descrición do primeiro emprego	32
2.1.4. Descrición do emprego actual	47
2.1.5. Cumprimento das expectativas laborais do emprego actual	62
2.1.6. Continuidade doutros estudos	64
2.1.7. Carácter emprendedor das persoas tituladas de FP	69
2.1.8. Valoración da formación recibida no ciclo formativo cursado	71
2.2. RESULTADOS POR FAMILIAS.....	77
2.2.1. Diagnose comparativa das familias	78
2.2.2. Diagnose familia a familia	106
2.3. RESULTADOS POR CICLOS.....	219
3. METODOLOXÍA E ANEXOS	249
3.1. METODOLOXÍA	249
3.2. ANEXOS.....	251
Anexo I. Cuestionario	251
Anexo II. Descrición da mostra	258
Anexo III. Índice de gráficas	263
Anexo IV. Índice de táboas	267

INTRODUCCIÓN |

1. INTRODUCCIÓN

A inserción laboral e o desemprego son dúas das principais cuestións que se observan con preocupación desde as distintas esferas gobernamentais, pois a capacidade de xerar emprego é un dos factores que determinan a estabilidade económica e social dunha sociedade como a nosa.

Para o acceso ao emprego, o sistema de formación profesional engloba un conxunto de ensinanzas ou accións formativas que capacitan para o desempeño cualificado das diversas profesións. Inclúe as ensinanzas propias da formación profesional inicial ou regrada, as accións de inserción e reinserción laboral das persoas desempregadas (formación profesional ocupacional) e as accións encamiñadas á adquisición e actualización permanente das competencias profesionais das persoas traballadoras (formación profesional continua).

En relación á formación profesional regrada ou inicial, os ciclos formativos de formación profesional constitúen un eixe estratéxico para axudar na inserción laboral dos mozos e mozas, así como de calquera persoa que queira mellorar a súa situación no mercado de traballo. Por elo, contar cunha axeitada formación e orientación profesional é fundamental para conseguir a introdución dos alumnos e alumnas que remataron os seus estudos no ámbito



laboral, sobre todo no momento que se está vivindo nos últimos anos no noso país coa crise económica e laboral que afecta ao tecido empresarial e a poboación en xeral. Ademais, os requirimentos e competencias profesionais esixidas para un posto de traballo cambian continuamente para axustarse á realidade do mercado laboral, polo que esta formación ten que adaptarse a esa realidade cambiante.

Este é obxectivo que leva a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, a programar desde hai anos a realización de estudos para coñecer a realidade laboral das persoas tituladas de FP en Galicia en cada curso escolar. A súa finalidade é avaliar o grao de consecución dos obxectivos fundamentais da Formación Profesional, en especial coñecer a situación laboral e as vías de adquisición de emprego dos titulados/as da FP transcorrido un tempo desde o remate dos seus estudos, así como a traxectoria formativa escollida por estes/as e que serve como referente a ter en conta pola Administración educativa para a planificación da oferta de formación profesional para vindeiros cursos.

O presente informe mostra os resultados acadados para o estudo de **inserción laboral do alumnado de formación profesional que rematou os seus estudos en Galicia no curso 2011-2012**. Os datos recompiláronse mediante a realización dunha enquisa (ver anexo I no capítulo 3.2), aplicada sobre unha mostra representativa do colectivo obxecto de estudo, de modo que permite coñecer os resultados por familias profesionais, grao dos ciclos, xénero e zona. O deseño mostral tamén asegura a representatividade dos ciclos formativos.

Esta operación estatística atópase recollida no Programa Estatístico Anual da Comunidade Autónoma de Galicia de 2014, aprobado a través do Decreto 188/2013 do 19 de decembro (DOG nº 249, do 31 de decembro de 2013). No citado decreto, na meta de información 2.3. “Educación e capital humano”, inclúese a meta 2.3.6. denominada “Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral”, na que se engloba a operación 23-601, de Inserción laboral dos titulados/as de formación profesional (páxina 52.965).

Antes de adentrarse na exposición dos resultados acadados no estudo, faise unha pequena análise da situación do emprego e da educación en Galicia, especialmente sobre a evolución do número de persoas matriculadas nos ciclos formativos de formación profesional na nosa Comunidade, e que serve para coñecer a situación experimentada no momento no que se realiza a enquisa e de contexto para os seguintes resultados recollidos neste informe.

- **Situación do emprego en Galicia**

Para presentar as cifras de persoas desempregadas e ocupadas en Galicia acódesse aos datos aportados pola Enquisa de Poboación Activa (EPA), dispoñible na web do Instituto Galego de Estatística (IGE)¹.

No ano 2013 rexístranse en Galicia, segundo datos da EPA, 284,6 miles de persoas en situación de desemprego (14.100 persoas desempregadas máis que no ano anterior), representando unha taxa de paro² nese ano do 22%, sendo do 22,3% para homes e do 21,7% para mulleres. Por idade, obsérvase na táboa 1 que as maiores taxas de paro corresponde ás persoas menores de 35 anos.

¹ Dispoñible en: http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008

² Taxa de paro: porcentaxe de persoas desempregadas sobre o total de poboación activa

Táboa 1. Taxa de paro en Galicia no ano 2013 por grupos de idade e sexo (%)

Grupos de idade	Total	Homes	Mulleres
de 16 a 19 anos	64,8	60,6	70,9
de 20 a 24 anos	48,1	49,6	46,4
de 25 a 29 anos	30,7	32,0	29,4
de 30 a 34 anos	23,9	23,8	24,0
de 35 a 39 anos	20,4	20,3	20,5
de 40 a 44 anos	18,7	17,7	19,9
de 45 a 49 anos	18,0	17,7	18,3
de 50 a 54 anos	18,7	20,3	16,7
de 55 a 59 anos	16,4	17,4	15,1
de 60 a 64 anos	15,0	16,6	12,9
de 65 e máis anos	1,4	1,6	1,1
Total	22	22,3	21,7

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

O colectivo de persoas desempregadas en Galicia buscando o seu primeiro emprego pasou, desde o ano 2010 ao 2013, de 15.900 a 23.000 persoas (datos da EPA), aumentando polo tanto un 44,65% respecto a hai catro anos. No caso das persoas entre 25 e 34 anos este incremento acadou o 60% respecto aos desempregados/as que demandaban o seu primeiro emprego no ano 2010 (ver táboa 2).

Táboa 2. Persoas desempregadas en Galicia buscando o seu primeiro emprego por tramos de idade (miles de persoas)

	Total	De 16 a 24 anos	De 25 a 34 anos	35 e máis anos
2010	15,9	9,7	4,0	2,2
2011	17,6	10,0	5,0	2,7
2012	21,2	12,1	6,5	2,6
2013	23,0	14,1	6,4	2,4

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

Analizando o número de ocupados e ocupadas en Galicia no ano 2013, hai un total de 1.006,4 miles de persoas ocupadas, que representan unha taxa de ocupación³ nese ano do 42,2%, sendo do 46,5% para homes e do 38,3% para mulleres. Por idade, reflíctese na táboa 3 que as taxas de ocupación van aumentando a medida que aumenta a idade dos ocupados/as ata os 45 anos, idade a partir da que empezan a decrecer. As maiores taxas acádanse nas persoas de 35 a 44 anos (ao redor do 71%). As persoas empregadas de menos de 35 anos representan o 26,1% do total de ocupados e ocupadas no ano 2013, sendo o 14,2% deste colectivo persoas menores de 25 anos.

³ Taxa de ocupación: porcentaxe de persoas ocupadas sobre o total de poboación de 16 ou máis anos


Táboa 3. Taxa de ocupación en Galicia no ano 2013 por grupos de idade e sexo (%)

Grupos de idade	Total	Homes	Mulleres
de 16 a 19 anos	3,2	4,2	2,2
de 20 a 24 anos	27,5	27,7	27,2
de 25 a 29 anos	59,3	59,3	59,2
de 30 a 34 anos	68,6	70,7	66,6
de 35 a 39 anos	71,5	74,4	68,6
de 40 a 44 anos	71,2	75,8	66,6
de 45 a 49 anos	68,0	72,7	63,4
de 50 a 54 anos	62,7	66,9	58,6
de 55 a 59 anos	53,1	59,5	46,9
de 60 a 64 anos	33,9	37,8	30,2
de 65 e máis anos	1,7	2,3	1,3
Total	42,2	46,5	38,3

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

O número de ocupados ao longo dos últimos catro anos presenta unha evolución decrecente durante todo o período (ver gráfica 1), cunha variación anual no ano 2013 respecto ao ano anterior do redor do 3,9% (40.800 persoas menos). O número de ocupados/as menores de 35 vai diminuindo en todo o período de análise 2010-2013, mentres que o número de persoas ocupadas de máis idade vai en aumento.

Gráfica 1. Evolución de ocupados e ocupadas en Galicia (miles de persoas)



Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

Como se recolle na seguinte táboa, o maior número de ocupados/as por sectores de actividade atópanse na industria e servizos, co 15,2% e 70,4% do total de persoas ocupadas no ano 2013 respectivamente. En xeral, nos sectores prodúcese unha evolución decrecente. Nas actividades de pesca e acuicultura existe unha flutuación nestas variacións.

Táboa 4. Evolución de ocupados e ocupadas en Galicia por sector de actividade (miles de persoas)

	Total	Agricultura, ganadería, caza e silvicultura	Pesca e acuicultura	Industria	Construción	Servizos
2010	1104,5	67,9	20,4	172,7	104,9	738,7
2011	1089,3	64,8	18,7	176,4	91,3	738,1
2012	1047,2	59,3	20,3	164,9	79,3	723,4
2013	1006,4	56,3	18,1	153,3	69,3	709,4

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

- **Análise das ensinanzas non universitarias en Galicia. Os ciclos formativos**

O sistema educativo español non universitario divídese en ensinanzas de réxime xeral (ensinanzas ordinarias, de adultos e educación especial) e ensinanzas de réxime especial.

Os ciclos formativos englobáanse dentro das ensinanzas de réxime xeral. Para ter unha visión do peso que representan os ciclos sobre este tipo de ensinanzas, a continuación preséntanse os datos relativos ás ensinanzas de réxime xeral no curso 2011-2012 obtidos do IGE.

No curso escolar 2011-2012 existen en Galicia 1.460 centros, tanto públicos como privados, que impartiron ensinanzas non universitarias de réxime xeral, contando cun volume de 378.551 persoas matriculadas. Destas, o 10,2% corresponde a matriculados/as en ciclos formativos (ordinarios e en réxime de adultos).

Táboa 5. Persoas matriculadas en Galicia no curso 2011-2012 nas ensinanzas non universitarias de réxime xeral

	Total matriculados
Ed. Infantil	67.304
Ed. Primaria	132.025
ESO	87.115
Bacharelato ordinario	31.449
Ciclos formativos ordinarios	31.973
Prog. Cualificación Profesional Inicial (PCPI)	3.973
Ensinanzas básicas iniciais e Ed. Sec. adultos	8.540
Bacharelato adultos	7.941
Ciclos formativos adultos (oferta modular)	6.762
Ed. Especial	1.459
Total	378.551


Fonte: Educación: Ensino non universitario (IGE).

Atendendo á evolución do número de matriculados/as nos ciclos formativos nos últimos anos, cifras recollidas no informe “Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2013-2014”⁴ (setembro 2013) da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación

⁴ Dispoñible en: <http://www.edu.xunta.es/web/node/1196>

Universitaria, antes do ano 2008 o número de persoas matriculadas en Galicia nestas ensinanzas amosaba un decrecemento curso tras curso (ver gráfica 2 e táboa 6). O curso lectivo 2008-2009 supuxo un punto de inflexión nesta evolución, e a partir do ano 2008 o número de alumnado matriculado nestes estudos empeza a crecer a un ritmo positivo ata o día de hoxe, obtendo unha estimación para o curso 2013-2014 de 34.755 alumnos/as. Estes datos presentan para os últimos cursos cifras de matriculados/as próximas ás recollidas hai dez anos.

Gráfica 2. Evolución do alumnado matriculado en ciclos formativos en Galicia



Fonte: "Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2013-2014". Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. (Setembro 2013).

Táboa 6. Persoas matriculadas en Galicia en ciclos formativos nos últimos cursos

	2008-2009	2009-2010	2010-2011	2011-2012	2012-2013
Centros públicos (*)	23.536	23.187	23.899	25.402	27.381
Centros privados (ciclos non concertados)	1.985	2.078	2.474	2.460	2.535
Centros privados (ciclos concertados)	3.475	3.578	3.753	4.111	4.082
Ciclos formativos ensinanzas ordinarias	28.996	28.843	30.126	31.973	33.998
Oferta modular/ciclos formativos ensinanzas adultos	3.573	4.802	5.906	6.772	9.220

Nota: Os datos do curso 2012-2013 son provisionais. A ensinanza de ciclos formativos concértase por ciclos. Nun mesmo centro poden impartirse ciclos concertados e non concertados.

(*) Inclúense os alumnos matriculados en módulos profesionais de nivel II.

Fonte: "Datos e cifras do ensino non universitario. Curso 2013-2014". Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Xunta de Galicia. (Setembro 2013).

RESULTADOS |

2. RESULTADOS

Ao longo dos seguintes apartados dentro deste capítulo iranse detallando os resultados obtidos mediante a enquisa de *Inserción laboral dos titulados/as de FP do curso 2011-2012 en Galicia*. O guión de preguntas do cuestionario poden consultarse no anexo I do capítulo 3.2 Anexos deste informe.

A recollida desta información prodúcese dous anos despois de que a persoa titulada obtivera o título dos seus estudos de FP, permitindo deste modo coñecer o nivel de inserción laboral desde unha perspectiva temporal máis significativa.

No tratamento do emprego na enquisa referímonos a dúas posibles situacións de emprego da persoa titulada: ao seu **primeiro emprego** e ao seu **emprego actual**. Cando se fale do “emprego actual” faise referencia ao emprego que ten o titulado/a entre finais de marzo e o mes abril de 2014, datas na que se realizou a enquisa. No caso de que o emprego actual sexa o mesmo que o primeiro, este será analizado como “emprego actual”, porque o obxectivo principal do estudo é coñecer o grao de inserción e situación laboral actual (aos dous anos de rematar o ciclo formativo cursado) do alumnado de FP do curso 2011-2012.



Ademais aclarar que á hora de considerar a situación laboral actual do titulado/a, tomouse en conta como “**persoa traballadora**” aquela que ten un traballo por conta allea ou exerce unha actividade por conta propia de

“polo menos unha hora na última semana, a cambio dun soldo, salario ou beneficio empresarial ou ganancia familiar en metálico ou en especie, aínda que estivese temporalmente ausente do traballo (por enfermidade, vacacións, festas, mal tempo, excedencia, parada temporal...)” (definición da EPA).

Os resultados do estudo preséntanse de forma global para o total do universo estudado, por familias e por ciclos formativos. Algúns resultados globais compararanse cos obtidos no estudo anterior, realizado hai dous anos ás persoas tituladas de FP que remataron os seus estudos no curso 2009-2010 (dispoñible na web da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa⁵). No caso dos resultados por familia, estes mostraranse familia a familia e comparando as unhas coas outras. Ademais, a maior parte dos resultados expoñeranse

⁵ Dispoñible en: <http://www.edu.xunta.es/fp/insercion-laboral>

desagregados en función do xénero do titulado/a, grupos de idade, grao do ciclo e provincia. No caso da análise por provincia, esta realízase principalmente por provincia do centro formativo, por considerarse esta un marco de referencia común entre todos os datos e sobre todo entre o primeiro emprego e o emprego actual, permitindo realizar unha comparativa entre estes dous tipos de emprego e coñecer os resultados por provincia dos centros de FP. A situación laboral actual dos titulados/as recollerase, ademais, tendo en conta a provincia de residencia dos graduados e graduadas, xa que este é un factor determinante para a obtención dun posto de traballo.

Os principais aspectos nos que se centran os resultados son os seguintes:

- Situación laboral actual: taxa de inserción laboral e situación actual dos titulados/as (traballando, estudando ou buscando emprego).
- Datos do primeiro emprego e do actual: tempo en conseguilo, modalidade e categoría laboral, localización, relación co ciclo estudado, etc.
- Cumprimento das expectativas de emprego.
- Continuación doutros estudos.
- Espírito emprendedor da persoa titulada.
- Valoración persoal da formación recibida no ciclo formativo cursado.

Nota: Debaixo de cada gráfica e táboa de resultados recóllese o universo estimado de persoas tituladas (N) ao que corresponden os datos que se presentan nos seguintes capítulos, partindo de que o número de graduados/as de FP en Galicia no curso 2011-2012 foi de 10.985 persoas.

RESULTADOS

Situación xeral da FP en Galicia

2.1. SITUACIÓN XERAL DA FP EN GALICIA

2.1.1. Principais conclusións da análise



A taxa de inserción laboral dos titulados/as de FP no curso 2011-2012 transcorridos dous anos tras o remate dos ciclos é do 51,7%, representando a porcentaxe de graduados/as que están traballando no momento da recollida dos datos sobre o conxunto de persoas tituladas activas. Considerando a actividade principal que realiza a

totalidade de titulados/as, o 35% das persoas tituladas están traballando (taxa de ocupación para o conxunto de FP), o 32,7% buscando emprego, o 32,2% estudando e un 0,1% noutra situación (estes dous últimos grupos constitúen a poboación de titulados inactiva). O grupo de titulados/as entre 20 e 24 anos, que representan algo máis da metade do total de persoas graduadas, contan cun nivel de ocupación do 27,5%, porcentaxe por enriba da taxa de ocupación xeral rexistrada en Galicia para este colectivo (26,8%).

A porcentaxe de mulleres tituladas traballando supera ao dos homes nun 4,6% e polo grao dos ciclos formativos, a taxa de ocupación é igual nos titulados/as dos ciclos de grao medio que nos de grao superior (35%). Os titulados e tituladas dos centros de FP da provincia de Ourense contan coa maior taxa de ocupación (43,6%). No resto de provincias, a porcentaxe de persoas tituladas traballando é maior que as de buscando emprego, agás na provincia de Pontevedra, co nivel de ocupación máis baixa das catro provincias (32,9%).

Á porcentaxe de titulados e tituladas que están traballando hai que engadirlle un 23,7% que obtiveron algún emprego tras rematar o seu ciclo formativo e un 0,2% que xa o tiña, polo que tres de cada cinco graduados/as que teñen un emprego ao finalizar o ciclo seguen traballando na actualidade. O 41,1% restante non obtiveron ningún emprego tras rematar os seus estudos.

O 70,9% das persoas graduadas que conseguiron un posto de traballo tras deixar as aulas, obtivérono no primeiro ano, mentres que o 17,2% tardou máis de 12 meses.

En relación ao **primeiro emprego** desempeñado polos titulados/as ao finalizar o ciclo formativo, o 63,9% ocuparon postos de traballo relacionados coa formación rematada, sendo catro de cada cinco casos, postos de traballo coa categoría e funcións para as que capacita o ciclo formativo estudado.

O 32% dos graduados e graduadas obteñen o seu primeiro emprego a través da empresa onde realizaron a formación en centros de traballo (FCT), moi similar aos resultados recollidos no estudo da edición anterior (33%). Entre as outras vías existentes, o resto de persoas graduadas acceden por contactos persoais ou familiares (32,5%) ou mediante o envío do currículo por iniciativa propia (29,5%). Ademais, prodúcese un aumento no uso do autoemprego como modalidade para acceder a un posto de traballo, pasando do 0,9% nos graduados/as do curso 2009-2010 ao 2,6% neste curso.

Atendendo á modalidade laboral do posto ocupado polo titulado/a, o 87,5% acadaron o seu primeiro emprego por conta allea no sector privado. Encontramos tamén un 2,9% que optaron polo emprego por conta propia, sendo esta porcentaxe maior que a rexistrada no estudo da edición anterior (2%).



A principal categoría profesional ocupada polos titulados e tituladas é a de peón auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida (52,7%), moi similar aos resultados obtidos na enquisa de edición anterior (50,6%), seguido do posto de oficial ou técnico especializado (24%).

En canto a localización, o 96,2% dos titulados e tituladas obtiveron o seu primeiro emprego en Galicia, dato 1,5% menor que o rexistrado na enquisa de hai dous anos, sendo noutra comunidade autónoma un 3,1%.

Tendo en conta o **emprego actual**, o 60,5% das persoas tituladas que están traballando ocupan postos de traballo relacionados co ciclo formativo, dato moi similar ao obtido no estudo da edición anterior (60,7%).

En relación ás vías de acceso ao emprego actual, o 18,7% dos titulados e tituladas que están traballando fano na empresa onde realizaron as súas prácticas, moi similar ao resultado recollido no estudo de hai dous anos (19%). O resto de graduados/as acceden ao seu posto de traballo actual principalmente mediante o envío do currículo por iniciativa propia (31,9%) e os contactos persoais ou familiares (31,5%). Experimenta un aumento o papel que xogan os anuncios en medios de comunicación e Internet, así como o autoemprego, como vías de acceso ao posto de traballo actual.

O 81,3% dos titulados e tituladas que teñen actualmente un emprego atopárono por conta allea no sector privado e un 9,8% por conta propia, sendo esta porcentaxe maior que a rexistrada

na enquisa do estudo anterior (7,7%). Ademais, o 41,9% destes graduados/as están baixo a categoría profesional de peón auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida. Mentres, o 28,6% ocupan postos de oficiais ou traballadores/as técnicos/as especializados/as e o 8,7% de dirección ou mandos intermedios, porcentaxes inferiores ás rexistradas no anterior estudo (36% e 11,9% respectivamente).

O 95,8% dos titulados e tituladas desenvolven o seu emprego actual en Galicia, sendo noutra comunidade autónoma un 3,3%. Este dato é un 0,9% superior ao acadado na enquisa de hai dous anos.



O 54,8% dos graduados e graduadas de FP no curso 2011-2012 que teñen un emprego actualmente consideran que este cumpre coas súas expectativas laborais, resultado lixeiramente inferior ao do estudo da edición pasada (56,9%). Destacar que ao redor da metade dos titulados/as continúan estudando tras rematar o ciclo formativo, un 5,6% máis que na edición anterior. Proseguen a súa formación con outro ciclo formativo (45%), cunha carreira universitaria (27%) ou con outros estudos.

O 13,5% das persoas tituladas declaran ter a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sendo este dato superior ao detectado no estudo anterior (9,5%). Catro de cada cinco destes graduados/as teñen desexo de creala a medio prazo, é dicir, entre un e tres anos. Este espírito emprendedor manifestase máis nos homes (15,3%) que nas mulleres (12,1%) e nos titulados/as dos centros da provincia de Ourense (17%) e de Lugo (15,8%).

En canto á valoración da formación recibida no ciclo, o 87,8% dos titulados/as dan unha valoración dos ciclos formativos cursados superior a 3 sobre 6 (nunha escala de 1 “totalmente insatisfeito/a” e 6 “completamente satisfeito/a”), cando no estudo de hai dous anos esta porcentaxe foi do 89,8%. Estas valoracións poden estar influenciadas pola inserción laboral da persoa titulada, principal obxectivo que se persegue coa formación, e coas súas expectativas laborais pero tamén inciden outros factores persoais ou lectivos (programa formativo, docentes, centro, aplicabilidade do aprendido no posto de traballo, etc.).


Os graduados/as dos ciclos de grao medio e os/as dos centros da provincia de Ourense son os que dan a valoración máis alta.

2.1.2. Análise da inserción laboral das persoas tituladas

- **Situación laboral actual**

Transcorridos dous anos tras o remate dos ciclos, obtense no estudo unha taxa de inserción laboral dos titulados/as de FP⁶ do curso 2011-2012 do 51,7%, representando a porcentaxe de graduados/as que están traballando no momento da recollida dos datos sobre o conxunto de persoas tituladas activas. Dentro do colectivo de activos/as, existe un grupo de persoas que ademais de estar traballando ou buscando emprego continúan formándose e que pode verse en detalle no capítulo 2.1.6 deste informe.

Gráfica 3. Inserción laboral actual dos titulados/as de FP⁶ no curso 2011-2012




Tendo en conta a situación xeral actual do total de titulados/as de FP (10.985 persoas), recóllese na gráfica 4 un 32,2% de persoas tituladas que optan de forma prioritaria por continuar estudando en lugar de buscar a súa inserción laboral no mercado de traballo e un 0,1% que está noutra situación (incapacitado/a permanente, facendo prácticas tras outro ciclo ou dun certificado de profesionalidade, etc.). No conxunto global de graduados/as, os titulados/as que están traballando ao menos unha hora á semana ven representado agora polo 35% (30,8% traballando 20 horas semanais ou máis). No estudo da edición anterior a porcentaxe de graduados/as que traballan ao menos 20 horas semanais era do 32,7%, algo maior que neste estudo. Este dato está moi condicionado polo relevo que se está producindo nos últimos tres anos no mercado de traballo, onde existe unha transformación dos contratos a xornada completa

⁶ Taxa de inserción laboral de titulados/as de FP: porcentaxe de persoas tituladas ocupadas sobre total de titulados/as activos/as.

A poboación titulada activa comprende as persoas tituladas que no período de realización do estudo están traballando ou que están dispoñibles para traballar e fan as xestións necesarias para incorporarse a un posto de traballo. Comprende a todas as persoas tituladas que cumpren as condicións necesarias para a súa inclusión entre as persoas ocupadas ou que están buscando emprego.

(40 horas) a contratos a xornada parcial, no que predominan as contratacións por unhas poucas horas á semana. Este incremento dos contratos a xornada parcial chegou ao 1,5% no 2013 respecto o ano anterior (datos da EPA).

Gráfica 4. Situación actual xeral dos titulados/as de FP no curso 2011-2012




Analizando a idade dos titulados e tituladas, obsérvase na seguinte gráfica que a taxa de ocupación do colectivo de persoas tituladas⁷ entre 20 e 24 anos é do 27,5%, a menor de todas pero por enriba da taxa de ocupación xeral rexistrada en Galicia para este colectivo no primeiro trimestre do ano 2014, período no que se recompilaron os datos para o estudo (ver táboa 7). Este é un dato importante, tendo en conta que este grupo representa algo máis da metade do total de persoas tituladas en FP no curso 2011-2012 (5.830 titulados/as). Hai que destacar tamén que o 45,1% dos titulados/as deste tramo de idade están seguindo outros estudos como actividade principal.

No caso do colectivo de 25 a 29 anos, a porcentaxe de titulados/as traballando é maior que os que buscan emprego, aínda que a súa taxa de ocupación está por debaixo da taxa xeral recollida en Galicia. Para o grupo de persoas tituladas de 30 o máis anos e que representan o 18,3% da poboación obxecto de estudo (2.006 persoas), a porcentaxe de persoas traballando e buscando emprego é similar. Sen embargo, destacar que a súa taxa de ocupación está por enriba da taxa de ocupación rexistrada en xeral en Galicia para este grupo de persoas.



⁷ Taxa de ocupación de persoas tituladas: porcentaxe de persoas tituladas ocupadas sobre o total de titulados/as.

Gráfica 5. Situación actual dos titulados/as de FP no curso 2011-2012 por grupos de idade



N_20-24 = 5.830, N_25-29 = 3.149, N_30 o máis = 2.006


Táboa 7. Taxa de ocupación das persoas traballadoras en Galicia por grupos de idade. Primeiro trimestre de 2014

	Ocupados (miles de persoas)	Poboación ≥ 16 anos (miles de persoas)	Taxa de ocupación
20-24	32,8	122,8	26,8%
25-29	81,3	145	56,1%
30 o máis anos	865,8	2.021,4	42,8%

Fonte: Enquisa Poboación Activa (IGE-INE)

Tendo en conta o xénero, a porcentaxe de tituladas que se atopan traballando no momento da recompilación dos datos sobre o total de mulleres tituladas (5.799 persoas) supera á dos homes nun 4,6% (ver gráfica 6). No caso dos homes (5.186 titulados en total), a porcentaxe de titulados estudando é maior que no xénero feminino (36,1% fronte o 28,9%).

Gráfica 6. Situación actual dos titulados/as de FP no curso 2011-2012 por xénero




N_fem = 5.799, N_masc = 5.186

Polo grao dos ciclos formativos, a seguinte gráfica mostra como a taxa de ocupación é igual nos titulados/as dos ciclos de grao medio que nos de grao superior. Se non están traballando, as persoas tituladas de grao superior prefiren seguir estudando, fronte aos titulados e tituladas de grao medio que optan por buscar un emprego. Analizando o xénero dos titulados/as en cada


grao dos ciclos, nos de grao medio as mulleres encóntranse principalmente traballando ou buscando emprego. No caso dos homes, estes veñen representados en maior medida polos que declaran estar estudando como actividade principal, mentres que o resto, ou ben están traballando ou buscando emprego en porcentaxes similares. Nos ciclos de grao superior, en ambos os dous xéneros, os titulados/as atópanse principalmente traballando.

Gráfica 7. Situación actual dos titulados/as de FP no curso 2011-2012 por grao do ciclo




N_grao medio = 5.031, N_grao superior = 5.954

Gráfica 8. Situación actual dos titulados/as dos ciclos de grao medio por xénero



N_grao medio = 5.031


Gráfica 9. Situación actual dos titulados/as dos ciclos de grao superior por xénero



N_grao superior = 5.954

Como se recolle na gráfica 10, os titulados e tituladas dos centros de FP da provincia de Ourense contan coa maior taxa ocupación de persoas que remataron os seus estudos no curso 2011-2012, co 43,6% de titulados/as nos centros ourensáns traballando.


Gráfica 10. Situación actual dos titulados/as de FP curso 2011-2012 por provincia do centro



N_Coruña = 4.789, N_Lugo = 1.163, N_Ourense = 954, N_Pontevedra = 4.079

Un factor determinante para analizar a taxa de ocupación no momento actual é o lugar de residencia da persoa titulada no momento da recompilación dos datos. Se atendemos á provincia de residencia dos graduados/as, atopamos resultados moi similares aos observados na gráfica anterior, xa que moitas persoas tituladas seguen residindo no mesmo lugar onde realizaron os seus estudos. Como se recolle na gráfica 11, a provincia de Ourense segue contando co maior volume de ocupados, co 44,5% de titulados/as que residen na provincia traballando. Este dato está por riba da taxa de ocupación xeral de Ourense no primeiro trimestre do ano 2014 (36,7%), período no que se realiza a enquisa, e da taxa xeral en Galicia (41,4).

Gráfica 11. Situación actual dos titulados/as de FP no curso 2011-2012 por provincia de residencia do titulado/a




No resto de provincias, a porcentaxe de persoas tituladas traballando é maior que as de buscando emprego, agás na provincia de Pontevedra. Os titulados/as residentes en Pontevedra teñen a taxa de ocupación máis reducida das catro provincias e en contrapartida, a porcentaxe de persoas buscando emprego é a máis alta.

- **Desempeño dalgún posto de traballo tras finalizar o ciclo formativo**

Analizando o contacto co mercado laboral do resto de persoas tituladas que no momento da realización deste estudo non están traballando, obsérvase na seguinte gráfica que ao 35% de titulados e tituladas que como se recolle están traballando, hai que engadirlle un 23,7% de graduados/as de FP que obtiveron algún emprego tras rematar o seu ciclo formativo. O colectivo restante, ou ben non conseguiu ningún posto de traballo durante estes dous últimos anos tras finalizar a súa formación ou xa tiñan un traballo mentres estudaban. Deste modo obtense que o 58,9% dos titulados/as (6.470 persoas) teñen un emprego ao finalizar o ciclo (xa o tiñan ou o conseguiron) e tres de cada cinco destes graduados/as seguen traballando na actualidade.


Comparando estes resultados cos acadados no estudo anterior (inserción laboral dos titulados/a do curso 2009-2010), a porcentaxe de persoas tituladas que non obtiveron ningún emprego tras rematar os seus estudos creceu un 1,9%, pasando do 39,2% ao 41,1%. Aínda que este incremento ven marcado pola complicada situación socioeconómica e laboral actual, esta variación é moito menor que a producida cos titulados/a do curso 2009-2010 respecto ao estudo realizado dous anos antes (curso 2007-2008), onde se produciu un incremento do 14%.

Gráfica 12. Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo



Analizando a idade dos titulados e tituladas, obsérvase na gráfica 13 que a maior porcentaxe de persoas tituladas que non obtiveron aínda un emprego despois do remate dos estudos é no colectivo de 20 a 24 anos.


Gráfica 13. Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo por grupos de idade



N_20-24 = 5.830, N_25-29 = 3.149, N_30 o máis = 2.006


Continuando cos resultados (ver gráficas 14 a 16), dos que non están traballando na data de recompilación dos datos, a proporción de titulados/as que non obtiveron ningún emprego tras rematar o ciclo é maior nos homes que nas mulleres (43,8%), nos graduados/as dos ciclos de grao medio que nos de grao superior (41,7%) e nos centros da provincia de Pontevedra que nos centros do resto de provincias galegas (42,9%).

Gráfica 14. Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo por xénero




N_fem = 5.799, N_masc = 5.186

Gráfica 15. Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo por ciclo



N_grao medio = 5.031, N_grao superior = 5.954

Gráfica 16. Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo por provincia do centro




N_Coruña = 4.789, N_Lugo = 1.163, N_Ourense = 954, N_Pontevedra = 4.079

• **Tempo que tardan en atopar emprego**

De entre as persoas tituladas que acadaron un emprego tras rematar os seus estudos, o 11,9% xa tiñan un emprego antes de comezar co ciclo formativo, mentres que o 70,9% (4.587 persoas) obtivérono no primeiro ano tras deixar as aulas. Obsérvase na gráfica, que o 31,9% conseguíuno mentres estudaban ou de forma inmediata ao rematar, mentres que o 25% acadou antes dos 6 meses. Noutra banda, o 17,2% dos titulados/as non acadaron un emprego ata transcorridos máis de 12 meses. No estudo realizado hai dous anos, a porcentaxe de titulados e tituladas que non acadaron o seu primeiro emprego no primeiro ano tras rematar a formación foi do 14,4%.

Gráfica 17. Tempo que tardan en obter un emprego




N = 6.470

Analizando as idades dos titulados/as (ver gráfica 18), a porcentaxe de titulados/as que tiñan un emprego antes de comezar os estudos vai aumentando a medida que a idade é maior, o que representa a persoas traballadoras que deciden realizar un ciclo formativo para mellorar a súa empregabilidade. De igual modo ligado a idade, atópase unha maior porcentaxe de persoas tituladas que obteñen un emprego de forma inmediata ou antes dos 6 meses tras rematar os estudos nos mozos e mozas de menos de 30 anos.


Por xénero, na gráfica 19 móstrase que a porcentaxe de titulados/as que atoparon emprego durante os estudos ou de forma inmediata tras o seu remate é maior nos homes que nas mulleres (34,2% fronte o 30%). As mulleres tituladas son as que presentan mellor inserción antes dos 6 meses pero pola contra, tamén as que tardan máis de 12 meses.

Gráfica 18. Tempo que tardan en obter un emprego por grupos de idade



N_20-24 = 2.954, N_25-29 = 2.092, N_30 o máis = 1.427

Gráfica 19. Tempo que tardan en obter un emprego por xénero




N_fem = 3.545, N_masc = 2.914




Como se recolle na seguinte gráfica, as porcentaxes de titulados e tituladas que obtiveron emprego mentres estudaban, de forma inmediata ou antes dos 6 meses despois de rematar o ciclo son maiores nos titulados/as de grao superior que nos de grao medio (59,9% fronte ao 53,4%). Os centros da provincia de A Coruña son os que acaparan o maior número de persoas tituladas que atoparon emprego mentres estudaban (6%) e os de Lugo os que obtiveron un posto de traballo nos primeiros 6 meses, sexa de forma inmediata ou non (56,2%). No lado oposto temos os centros da provincia de Pontevedra, que contan coa maior porcentaxe de graduados/as que tardan máis de 12 meses en obter o seu primeiro posto de traballo (ver gráfica 21).

Gráfica 20. Tempo que tardan en obter un emprego por ciclo



N_grao medio = 2.931, N_grao superior = 3.536

Gráfica 21. Tempo que tardan en obter un emprego por provincia do centro



N_Coruña = 2.806, N_Lugo = 718, N_Ourense = 627, N_Pontevedra = 2.329

2.1.3. Descrición do primeiro emprego

A continuación recóllese unha descrición do primeiro emprego desenvolvido polos titulados e tituladas de FP do curso 2011-2012 tras o remate do seus estudos, sexa nun posto que xa tiña antes do inicio da formación ou nun traballo obtido durante o transcurso dos estudos ou tras o seu remate. Esta información é tan importante como a descrita nos apartados anteriores de inserción laboral, xa que permite coñecer se os postos ocupados polas persoas tituladas no seu primeiro emprego son ou non desempeñados nas actividades e funcións para as que recibiron formación nos ciclos formativos, así como recompilar información sobre o tipo de categoría profesional ou relación laboral desenvolvida (por conta propia ou allea), tipo de contrato, a vía pola que conseguiu o emprego, etc. Máis adiante, no capítulo 2.1.4 deste informe, realízase unha descrición do emprego actual desenvolvido polos graduados e graduadas no momento da aplicación da enquisa.

Deste modo, neste capítulo e no 2.1.4, faise unha descrición de dous tipos de emprego, englobando cada un o seguinte número estimado de titulados/as sobre o universo de persoas tituladas de FP no curso 2011-2012 (ver táboa 8):

- **Primeiro emprego:** persoas tituladas que tiveron un posto de traballo tras rematar os seus estudos, continúen traballando agora noutra empresa ou na mesma pero con outra categoría ou posto (1.877 persoas), ou que xa non teñen un posto de traballo (2.626).
- **Emprego actual:** persoas tituladas que están traballando no momento da aplicación da enquisa, sexa ou non no seu primeiro emprego (3.844 persoas).

Táboa 8. Persoas tituladas que tiveron algún emprego ao remate dos estudos (estimación sobre o universo)

Titulados/as que tiveron algún traballo ao remate do ciclo	Con traballo na actualidade		Desempeño dalgún emprego anterior ao actual (noutra empresa, noutra categoría ou posto)	
			Si	1.877
6.470	Si	3.844	Non	1.967
	Non	2.626		


Para a análise do primeiro emprego non se teñen en conta a aqueles titulados e tituladas que no momento da recollida de información se atopan traballando na mesma empresa do seu primeiro emprego, baixo a mesma categoría profesional ou tipo de contrato laboral, xa que esta información inclúese na parte da descrición do emprego actual, un dos principais obxectivos deste informe.

• **Relación entre o ciclo estudado e o posto desenvolvido no primeiro emprego**

De 4.503 titulados/as que tiveron un emprego ao finalizar o ciclo formativo (excluíndo aos/ás que seguen traballando na mesma empresa sen variación na súa categoría ou relación laboral), o 63,9% ocuparon postos de traballo relacionados co ciclo cursado. Esta valoración é subxectiva, xa que é a ofrecida persoalmente polo titulado/a en función de se este ou esta considera que o posto ocupado garda relación ou non coa formación realizada. No lado oposto encontramos que o 36,1% o fixeron en postos nos que segundo a valoración das persoas tituladas no existía ningunha relación entre o emprego e a formación recibida, como se recolle na gráfica 22. Ademais, o 53,3% dos titulados/as que tiveron un primeiro emprego, fixérono en postos de traballo coa categoría e funcións para as que capacita o ciclo formativo estudado.



Gráfica 22. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego




N = 4.503

Como se recolle nas seguintes gráficas, por xénero a situación non varía demasiado, desempeñando máis do 60% dos titulados e tituladas que tiveron un primeiro emprego postos de traballo relacionados cos seus estudos de FP, independentemente da categoría profesional. Este porcentaxe é maior no xénero masculino que no feminino. Os resultados por grao do ciclo tampouco presentan grandes diferenzas na relación ciclo-primeiro emprego, salvo destacar que a porcentaxe de titulados/as que ocuparon postos de traballo coa categoría e funcións relacionadas cos seus estudos é maior nos de ciclo medio que nos de superior.


Os centros de FP da provincia de Lugo son os que rexistran máis persoas tituladas que ocuparon postos coa categoría e funcións para as que estudaron. Noutro lado están os centros das provincias de Pontevedra e A Coruña coa maior porcentaxe de titulados e tituladas que desempeñaron postos non relacionados co ciclo formativo estudado.

Gráfica 23. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego por xénero




N_fem 2.544, N_masc = 1.959

Gráfica 24. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego por ciclo



N_grao medio = 2.004, N_grao superior = 2.499

Gráfica 25. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego por provincia do centro



N_Coruña = 1.990, N_Lugo = 428, N_Ourense = 414, N_Pontevedra = 1.671


- **Vías de acceso ao primeiro emprego**



Un dos principais camiños de inserción laboral dos graduados/as é a través das empresas nas que realizan a formación en centros de traballo (FCT), por iso esta vía é tratada nesta análise de forma diferenciada. As prácticas en empresas colaboradoras son obrigatorias para o alumnado ao final do período lectivo do ciclo, como fase para completar o seu itinerario formativo. A realización de prácticas non laborais do ciclo en centros de traballo permiten ao alumnado aplicar os coñecementos aprendidos na aula e adquirir novas capacidades e habilidades da realidade empresarial, así como un primeiro achegamento ao mercado de traballo e aos contactos profesionais. Convértese nunha oportunidade para que os titulados/as sexan contratados polas empresas onde realizaron as súas prácticas do ciclo.

Como se recolle na seguinte gráfica, o 32% dos titulados e tituladas (1.441 persoas) obteñen o seu primeiro emprego na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballo, moi similar aos resultados recollidos no estudo da edición anterior (33%).

Gráfica 26. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




N = 4.503

Ademais das empresas onde os titulados/as realizan as prácticas do ciclo, existen outras vías de acceso ao mercado laboral. O resto de persoas graduadas acceden ao seu primeiro posto de traballo principalmente por contactos persoais ou familiares (32,5%), mediante o envío do currículo por iniciativa propia (29,5%) ou por anuncios publicados en medios de comunicación, taboleiros de anuncios ou ofertas en Internet (17,9%).

Destaca en relación aos resultados rexistrados no estudo anterior, que nesta edición ten máis peso os contactos persoais e familiares que a busca por iniciativa propia. Ademais, prodúcese un

aumento dos titulados e tituladas que conseguen a entrada ao mercado de traballo mediante o autoemprego, pasando do 0,9% nos graduados/as do curso 2009-2010 ao 2,6% neste curso.

Gráfica 27. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




N = 3.602

Por sexos (ver gráficas 28 e 29), a porcentaxe de persoas tituladas que comezaron a traballar na empresa onde realizaron as prácticas é maior nos homes que nas mulleres. Entre os/as que empregan outra vía, nas mulleres o principal camiño de inserción ao primeiro emprego atopámolo no envío do currículo por iniciativa propia, seguido dos contactos persoais, familiares ou profesionais. Para os homes, as principais vías son primeiro os contactos e despois a busca por iniciativa propia.




Gráfica 28. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT por xénero



N_fem 2.544, N_masc = 1.959


Gráfica 29. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego por xénero



N_fem= 1.812, N_masc = 1.250


A porcentaxe de titulados/as que acadan o seu primeiro emprego na empresa onde realizan a súa formación práctica é maior nos graduados/as de ciclos superiores que nos de ciclo medio pero sen grandes diferenzas, como se recolle na gráfica 30. No resto de persoas tituladas, para as que os contactos e a solicitude por iniciativa propia eran as principais vías para acceder ao primeiro emprego, atópase que no caso dos titulados/as de ciclo medio estas dúas vías son empregadas pola mesma porcentaxe de persoas graduadas. Pola contra, os/as que remataron un ciclo superior utilizan principalmente os contactos persoais, familiares ou profesionais.

Gráfica 30. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT por ciclo



N_grao medio = 2.004, N_grao superior = 2.499


Gráfica 31. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego por ciclo



N_grao medio = 1.366, N_grao superior = 1.697

Por provincia do centro formativo, nas escolas de Pontevedra rexístranse a maior porcentaxe de persoas tituladas que obteñen o seu primeiro emprego na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballos (32,9%), seguíndolle de cerca os centros de Lugo. No lado oposto temos os centros da provincia de Ourense, coa porcentaxe menor (28,8%).


Gráfica 32. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT por provincia do centro



N_Coruña = 1.990, N_Lugo = 428, N_Ourense = 414, N_Pontevedra = 1.671

Entre as vías de acceso ao primeiro traballo do resto de titulados e tituladas, destaca nos graduados/as dos centros da provincia de Ourense o alto porcentaxe que emprega os contactos persoais, familiares ou profesionais e o forte peso que ten o autoemprego como opción para traballar. Tamén é salientable o maior peso do centro formativo como forma para acceder ao mercado laboral nas persoas tituladas nos centros da provincia de Pontevedra respecto ao resto de provincias galegas.

Gráfica 33. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego por provincia do centro




N_Coruña = 1.359, N_Lugo = 288, N_Ourense = 295, N_Pontevedra = 1.121

• Modalidade laboral do primeiro emprego

Neste apartado faise unha descrición da modalidade laboral do posto ocupado polo titulado/a, se é por conta propia ou allea e neste último caso se é no sector público ou no privado. Ademais, analízase a tipoloxía contractual do primeiro emprego. Os distintos tipos de contratos existentes no sector privado agrúpanse nesta análise segundo a súa duración sexa indefinida ou temporal. No caso da análise contractual no sector público, os resultados deben ser interpretados con precaución, pois a mostra de titulados/as co seu primeiro emprego neste ámbito é moi reducida.


O 87,5% dos titulados e tituladas que acadaron un emprego tras rematar os estudos atopárono por conta allea no sector privado (3.940 persoas). Encontramos tamén un 2,9% dos graduados/as que optaron como alternativa para acceder ao mercado laboral polo emprego por conta propia (autónomo/a sen empregados/as, membro de cooperativa, empresario/a), sendo esta porcentaxe maior que a rexistrada no estudo da edición anterior (2%).

Gráfica 34. Modalidade laboral do primeiro emprego




Analizando a modalidade laboral por xénero e ciclo formativo, observamos nas gráficas 35 e 36 que o traballador/a por conta allea no sector privado é a figura maioritaria en ambos os dous casos, sendo maior nos homes e nos titulados/as de ciclo superior. Destaca a maior porcentaxe de emprego por conta propia nos homes que nas mulleres e nos graduados/as dos ciclos de grao medio que nos de grao superior. Os centros de FP das provincias de A Coruña e Pontevedra son os que reúnen o maior volume de persoas tituladas que obteñen o seu primeiro emprego por conta allea no sector privado (ver gráfica 37). Noutra banda temos os centros de Lugo co maior rexistro de graduados/as que conseguen un emprego no sector público. A destacar os centros das provincias de A Coruña e Ourense coa porcentaxe máis elevada de titulados/as que obteñen emprego por conta propia.

Gráfica 35. Modalidade laboral do primeiro emprego por xénero




N_fem 2.544, N_masc = 1.959

Gráfica 36. Modalidade do primeiro emprego por ciclo



N_grao medio = 2.004, N_grao superior = 2.499

Gráfica 37. Modalidade laboral do primeiro emprego por provincia do centro




N_Coruña = 1.990, N_Lugo = 428, N_Ourense = 414, N_Pontevedra = 1.671

Dentro de sector público, a tipoloxía contractual máis representativa é a de persoal laboral (62,4%). No caso do primeiro emprego no sector privado (ver gráfica 39), tres de cada catro postos ocupados polos titulados/as é de carácter temporal, principalmente por obra ou servizo


(31,8%) ou contrato de menos de 6 meses (29,7%). Soamente un 8,2% tiveron contratos indefinidos, dato por riba do acadado no estudo de inserción laboral do curso 2009-2010 (7%).

Gráfica 38. Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector público



N= 432

Gráfica 39. Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector privado



N = 3.940

Nas seguintes táboas detállanse os resultados das tipoloxías contractuais no sector público e privado por xénero, grao do ciclo formativo e provincia do centro.

Táboa 9. Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector público por xénero, ciclo e provincia do centro

		Funcionario	Interino	Persoal laboral	Contratado administrativo	Bolseiro
Xénero	Feminino	1,4%	8,6%	64,3%	15,7%	10,0%
	Masculino	2,6%	12,8%	56,4%	15,4%	12,8%
Grao do ciclo	Grao medio	0,0%	3,8%	69,8%	17,0%	9,4%
	Grao superior	1,8%	16,1%	55,3%	14,3%	12,5%
Provincia do centro	A Coruña	2,6%	2,6%	64,1%	25,6%	5,1%
	Lugo	0,0%	6,2%	68,8%	12,5%	12,5%
	Ourense	0,0%	28,6%	50,0%	14,3%	7,1%
	Pontevedra	2,4%	9,8%	61,0%	7,3%	19,5%


Táboa 10. Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector privado por xénero, ciclo e provincia do centro

		Indefinido	Temporal obra ou servizo	Temporal definido	Sen contrato	Outros / Non sabe
Xénero	Feminino	6,1%	31,1%	46,4%	3,4%	13,0%
	Masculino	10,9%	32,7%	42,5%	1,8%	12,1%
Grao do ciclo	Grao medio	8,1%	28,1%	49,1%	3,9%	10,8%
	Grao superior	8,1%	34,7%	41,4%	1,8%	14,0%
Provincia do centro	A Coruña	8,1%	33,1%	44,8%	1,8%	12,2%
	Lugo	9,1%	37,5%	38,7%	1,1%	13,6%
	Ourense	11,5%	21,8%	58,6%	1,2%	6,9%
	Pontevedra	7,3%	31,2%	42,8%	4,6%	14,1%

• **Categoría laboral do primeiro emprego**


A principal categoría profesional ocupada polos titulados e tituladas de FP do curso 2011-2012 no seu primeiro emprego é a de peón auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida, co 52,7% dos casos (2.372 graduados/as), moi similar aos resultados obtidos no estudo de edición anterior (50,6%). Unha de cada dúas persoas tituladas que obtiveron un emprego tras rematar os estudos ocupaba esta categoría laboral. En segundo lugar atopamos aos oficiais ou traballadores/as técnicos/as especializados/as (24%).

Gráfica 40. Categoría laboral no primeiro emprego




Obsérvase nas seguintes gráficas que os homes ocupan máis postos de dirección ou mandos intermedios e de oficial ou técnico especializado que as mulleres, e que a comparativa entre titulados/as de distinto grao do ciclo tamén presenta diferenzas. Os graduados e graduadas dos ciclos superiores ocupan postos de maior categoría laboral, situación moi ligada ao nivel de titulación desprendida dos estudos.

Gráfica 41. Categoría laboral no primeiro emprego por xénero



N_fem 2.544, N_masc = 1.959


Gráfica 42. Categoría laboral no primeiro emprego por ciclo



N_grao medio = 2.004, N_grao superior = 2.499

Por provincias, as persoas tituladas dos centros de Ourense son os que ocupan máis postos como técnicos/as especializados/as en relación aos centros do resto de provincias (26,9%). En canto a postos de dirección ou mandos intermedios, destacan os centros das provincias de Lugo e A Coruña, co 4,7% e o 3,6% respectivamente.

Gráfica 43. Categoría laboral no primeiro emprego por provincia do centro




N_Coruña = 1.990, N_Lugo = 428, N_Ourense = 414, N_Pontevedra = 1.671

• **Localización do primeiro emprego**

O 96,2% dos titulados e tituladas obtiveron o seu primeiro emprego ao rematar o ciclo en Galicia (4.331 persoas), sendo noutra comunidade autónoma un 3,1%. Os datos reflicten un 1,5% menos de graduados/as que conseguen algún emprego na Comunidade en relación ao estudo da edición anterior, transvasándose esa diferenza a un maior porcentaxe de persoas tituladas que conseguen este emprego noutra comunidade autónoma ou noutro país. Esta situación segue a tónica que está acontecendo no mercado laboral en xeral, tanto galego como español, onde as persoas que buscan emprego teñen que desprazarse a outra comunidade ou ao estranxeiro para atopar un traballo. Como se recolle na táboa 11, as persoas tituladas que atoparon un primeiro emprego localízanse principalmente nas provincias de A Coruña e Pontevedra, pero estas son tamén as provincias nas que se rexistran maior número de titulados/as de FP.

Gráfica 44. Localización do primeiro emprego




N = 4.503

Táboa 11. Localización do primeiro emprego en España

Comunidade Autónoma	% de titulados/as que traballaron
A Coruña	41,0%
Lugo	9,6%
Ourense	9,9%
Pontevedra	36,3%
Andalucía	0,2%
Aragón	0,2%
Cantabria	0,1%
Castela e León	0,3%
Castela-A Mancha	0,2%
Cataluña	0,2%
Comunidade de Madrid	0,3%
Comunidade Valenciana	0,1%
Illas Baleares	0,6%
Illas Canarias	0,3%
País Vasco	0,4%
Principado de Asturias	0,5%
Total	100%


As persoas tituladas de xénero masculino e as de ciclo medio son as que máis tenden a saír a outras comunidades autónomas para atopar o seu primeiro emprego.

Gráfica 45. Localización do primeiro emprego por xénero



N_fem 2.544, N_masc = 1.959


Gráfica 46. Localización do primeiro emprego por ciclo



N_grao medio = 2.004, N_grao superior = 2.499

Por provincias onde están localizados os centros que imparten os ciclos de FP, a totalidade dos titulados/as entrevistados/as dos centros da provincia de Ourense atopan o seu primeiro emprego en Galicia e son algúns dos graduados e graduadas dos centros do resto de provincias os que teñen que ir a atopalo noutra comunidade ou no estranxeiro.

Gráfica 47. Localización do primeiro emprego por provincia do centro



N_Coruña = 1.990, N_Lugo = 428, N_Ourense = 414, N_Pontevedra = 1.671

Facendo a análise por provincia de destino, recollese na táboa 12 que un alto porcentaxe de titulados e tituladas dos centros da provincia de Ourense atopan o seu primeiro emprego de forma interna, na propia provincia (91,3%). De todas as provincias, os graduados/as dos centros da provincia de Lugo son os que realizan máis desprazamentos fora da súa provincia para acadar o seu primeiro posto de traballo, principalmente fóra de Galicia.

Táboa 12. Localización do primeiro emprego por provincia do centro e provincia de destino

Provincia centro	Provincia na que traballa					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Fora de Galicia	
A Coruña	86,6%	3,0%	1,0%	5,4%	4,0%	100%
Lugo	5,6%	82,4%	0,9%	2,7%	8,4%	100%
Ourense	4,9%	1,0%	91,3%	2,9%	0,0%	100%
Pontevedra	3,8%	0,5%	2,6%	89,5%	3,6%	100%

N_Coruña = 1.990, N_Lugo = 428, N_Ourense = 414, N_Pontevedra = 1.671

2.1.4. Descripción do emprego actual

Seguindo coa análise realizada no capítulo 2.1.3, a continuación recóllese unha descripción do posto actual desenvolvido polos titulados e tituladas de FP do curso 2011-2012 no momento de recompilación dos datos. Do mesmo xeito que co primeiro emprego, esta información é fundamental, xa que permite coñecer se os postos




ocupados polas persoas tituladas neste momento son nas actividades e funcións para as que recibiron formación nos ciclos estudados ou noutros distintos. Ademais recompílanse outros datos como a categoría profesional desenvolvida, o tipo de relación laboral (por conta propia ou allea), a tipoloxía contractual, a vía pola que conseguiu o emprego, entre outras cuestións.

Neste capítulo faise referencia ás persoas tituladas que están traballando no momento da realización da enquisa (3.844 persoas), sexa ou non no seu primeiro emprego, como se recolle na táboa 8 do capítulo 2.1.3. Aínda que o 70,9% das persoas graduadas que tiveron un traballo tras deixar as aulas obtivérono no primeiro ano (a parte do 11,9% que xa o tiña), como se describe no capítulo 2.1.2 de inserción laboral, soamente tres de cada cinco que tiveron algún emprego ao rematar os estudos continúan traballando na actualidade, e destes/as, o 67,4% fano na mesma empresa do seu primeiro posto de traballo. O 40,6% restante de titulados e tituladas que obtiveron no seu día algún emprego tras finalizar a súa formación, xa non o teñen.

- **Relación entre o ciclo estudado e o posto desenvolvido no emprego actual**

Das persoas tituladas que están traballando no momento da recollida dos datos, segundo a valoración persoal ofrecida polos graduados/as de FP do curso 2011-2012, o 60,5% ocupan postos de traballo relacionados co ciclo formativo rematado dous anos atrás.

Gráfica 48. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual




N = 3.844

Este dato é moi similar ao obtido no estudo da edición anterior (60,7%) pero inferior ao rexistrado nos resultados do primeiro emprego expostos no capítulo 2.1.3 deste informe (63,9%).


Como se observa nas seguintes gráficas, esta porcentaxe é maior no caso das mulleres que no dos homes e apenas hai diferenzas entre os ciclos de grao medio e superior. Os centros de FP das provincias de Ourense e Lugo son os que rexistran máis persoas tituladas que ocupan postos relacionados coa formación realizada.

Gráfica 49. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por xénero




N_fem 2.148, N_masc = 1.687

Gráfica 50. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por ciclo



N_grao medio = 1.761, N_grao superior = 2.083

Gráfica 51. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por provincia do centro




N_Coruña = 1.667, N_Lugo = 423, N_Ourense = 418, N_Pontevedra = 1.342

- **Vías de acceso ao emprego actual**

Como se recolle na análise do primeiro emprego (ver capítulo 2.1.3), un dos principais medios de inserción laboral dos titulados/as é a través das empresas nas que realizan ás prácticas obrigatorias do ciclo formativo (formación en centros de traballo, FCT). En relación ao emprego actual, o 18,7% dos titulados e tituladas que están traballando fano na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballo (719 persoas), moi similar ao resultado recollido no estudo de hai dous anos (19%).

Gráfica 52. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




N = 3.844

Observando a gráfica 53, o resto de titulados e tituladas acceden ao seu posto de traballo actual principalmente mediante o envío do currículo por iniciativa propia (31,9%) e os contactos persoais ou familiares (31,5%). Consérvanse os primeiros postos en relación ao estudo anterior, aínda que a solicitude por iniciativa propia redúcese nun 2,6%. Pola contra, a utilización dos anuncios en medios de comunicación, taboleiros e Internet, así como o autoemprego, como vías de acceso ao posto de traballo actual experimenta un aumento neste estudo con respecto ao realizado na enquisa pasada.


Por xénero, é máis habitual que os homes titulados traballen actualmente na empresa onde realizaron a FCT que no caso das mulleres. Entre os/as que empregan outra vía, en ambos os dous xéneros os principais camiños de acceso ao emprego actual atopámoslos nos contactos persoais, familiares ou profesionais e na solicitude por iniciativa propia. Destacar no caso dos homes respecto ás mulleres, a maior utilización dos contactos e da opción do autoemprego como medio para obter o seu emprego actual. Pola contra, nas mulleres a utilización do envío do currículo por iniciativa propia é a principal vía e o centro educativo xoga un maior papel neste colectivo.

Gráfica 53. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual




N = 3.125

Gráfica 54. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT por xénero



N_fem 2.148, N_masc = 1.687


Gráfica 55. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual por xénero



N_fem 1.769, N_masc = 1.347


A porcentaxe de titulados e tituladas que ocupan un posto actualmente na empresa onde realizaron as súas prácticas do ciclo é maior nos ciclos superiores que nos ciclos medios. Do resto de vías, os contactos e a solicitude por iniciativa propia son os principais medios para acceder ao emprego actual polas persoas tituladas nos ciclos de ambos os dous graos. Destacar nos titulados/as de ciclos de grao superior, o maior papel que xoga o centro educativo, os anuncios en medios de comunicación e Internet e o autoemprego para a súa empregabilidade.

Gráfica 56. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT por ciclo



N_grao medio = 1.761, N_grao superior = 2.083

Gráfica 57. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual por ciclo




N_grao medio = 1.469, N_grao superior = 1.655

Por provincia do centro formativo (ver gráfica 58), o 22,7% dos graduados e graduadas nas escolas de FP de Pontevedra están traballando na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballo. No lado contrario, temos que nos centros da provincia de A Coruña soamente un 14,7% dos titulados/as traballan na empresa onde efectuaron as practicas.

Entre as vías de acceso ao emprego actual do resto de titulados e tituladas, destaca nos centros das provincias de Lugo e Ourense o alto porcentaxe dos/as que empregan os contactos. Tamén é salientable o maior peso do autoemprego como forma para acceder ao mercado laboral nas persoas tituladas nos centros da provincia de Lugo respecto ao resto de provincias galegas.


Ningún dos titulados/as entrevistados/as dos centros de Ourense identifican o centro educativo como vía de inserción laboral.

Gráfica 58. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT por provincia do centro



N_Coruña = 1.667, N_Lugo = 423, N_Ourense = 418, N_Pontevedra = 1.342

Gráfica 59. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual por provincia do centro



N_Coruña = 1.422, N_Lugo = 335, N_Ourense = 333, N_Pontevedra = 1.037

• **Modalidade laboral do emprego actual**




Como se fai tamén na descrición do primeiro emprego, neste apartado recóllese unha descrición da modalidade laboral do posto ocupado polo titulado/a no emprego actual, se é por conta propia ou allea, e neste último caso diferenciando o sector público do privado. Tamén se realiza unha análise contractual do emprego que desenvolve actualmente a persoa titulada no momento da recompilación dos datos. Como se explica no seu momento, para exposición dos resultados no sector privado agrúpanse os tipos de contratos existentes segundo a súa duración sexa indefinida ou temporal. A interpretación dos datos sobre a tipoloxía de contratación no sector público debe realizarse de forma precavida, xa

que como xa se dixo a mostra de titulados/as que actualmente traballan neste sector é moi pequena.

O 81,3% dos titulados e tituladas que teñen actualmente un emprego o atoparon por conta allea no sector privado (3.128 persoas) e un 9,8% por conta propia (autónomo/a sen empregados/as, membro de cooperativa, empresario/a), sendo esta porcentaxe maior que a rexistrada no estudo da edición anterior (7,7%). A reforma laboral e a situación da crise económica actual leva a que a iniciativa emprendedora e a elección do autoemprego como alternativa de acceso ao mercado laboral cobre máis importancia nestes últimos anos. Ademais, comparándoo cos resultados do primeiro emprego, vemos que o emprego por conta propia pasa do 2,9% no primeiro caso, ao 9,8% no emprego actual, o que reflicte que a iniciativa emprendedora impulsase máis pasado un certo tempo desde o remate dos estudos, sobre todo canso se adquire experiencia e contactos.


Gráfica 60. Modalidade laboral no emprego actual



Analizando a modalidade laboral do emprego actual por xénero e ciclo, obsérvase nas gráficas 61 e 62 que o traballador/a por conta allea no sector privado é a figura maioritaria en ambos os dous casos, sendo lixeiramente maior nas mulleres e nos titulados/as de ciclo superior. No caso dos homes, destaca unha porcentaxe máis alta de titulados con emprego por conta propia.


Os centros de FP das provincias de Pontevedra e A Coruña son os que contan coa maior porcentaxe de persoas tituladas co seu emprego actual por conta allea no sector privado (ver gráfica 63). No sector público, é nos centros de Ourense onde se rexistra a porcentaxe máis alta de graduados/as que están traballando neste ámbito. A destacar nos centros da provincia de Lugo, un 17,5% dos seus titulados/a con emprego actual por conta propia.

Gráfica 61. Modalidade laboral do emprego actual por xénero




N_fem 2.148, N_masc = 1.687

Gráfica 62. Modalidade do emprego actual por ciclo



N_grao medio = 1.761, N_grao superior = 2.083

Gráfica 63. Modalidade laboral do emprego actual por provincia do centro



N_Coruña = 1.667, N_Lugo = 423, N_Ourense = 418, N_Pontevedra = 1.342

No caso do emprego actual desenvolvido no sector público, a tipoloxía contractual máis representativa é a de persoal laboral (ver gráfica 64), como no estudo de hai dous anos. Non obstante, estes resultados, en relación ao informe anterior da inserción laboral dos titulados/as no curso 2009-2010, arroxa unha redución na porcentaxe de persoas tituladas empregadas como


persoal laboral, funcionario e interino a favor do persoal contratado e bolseiro. Estes datos son un reflexo da situación que está vivindo o sector público na actualidade, na que se publican poucas prazas ou ofertas de convocatorias públicas de procesos de selección.

No emprego actual no sector privado, algo máis da metade dos postos ocupados polos titulados/as son de carácter temporal, principalmente por obra ou servizo (19,6%). O 30% teñen contratos indefinidos, dato moi similar ao acadado no estudo de inserción laboral do curso 2009-2010 (31,4%) e porcentaxe máis alta que a recollida no primeiro emprego (8,2%).




Nas táboas 13 e 14 detállanse os resultados das tipoloxías contractuais no sector público e privado por xénero, grao do ciclo formativo e provincia do centro.

Gráfica 64. Tipoloxía contractual no sector público do emprego actual



N = 342

Gráfica 65. Tipoloxía contractual no sector privado do emprego actual



N = 3.125

Táboa 13. Tipoloxía contractual no sector público do emprego actual por xénero, ciclo e provincia do centro

		Funcionario	Interino	Persoal laboral	Contratado administrativo	Bolseiro
Xénero	Feminino	3,5%	3,5%	64,9%	8,8%	19,3%
	Masculino	11,1%	3,7%	55,6%	22,2%	7,4%
Grao do ciclo	Grao medio	2,4%	2,4%	70,7%	14,7%	9,8%
	Grao superior	7,1%	7,2%	52,4%	11,9%	21,4%
Provincia do centro	A Coruña	3,2%	3,2%	77,4%	6,5%	9,7%
	Lugo	0,0%	14,3%	57,1%	28,6%	0,0%
	Ourense	11,8%	5,9%	52,9%	23,5%	5,9%
	Pontevedra	6,7%	3,3%	50,0%	10,0%	30,0%

Táboa 14. Tipoloxía contractual no sector privado do emprego actual por xénero, ciclo e provincia do centro


		Indefinido	Temporal obra ou servizo	Temporal definido	Sen contrato	Outros / Non sabe
Xénero	Feminino	29,7%	16,6%	40,9%	2,3%	10,5%
	Masculino	30,2%	23,7%	32,8%	0,6%	12,7%
Grao do ciclo	Grao medio	32,8%	15,6%	39,5%	2,3%	9,8%
	Grao superior	27,4%	23,1%	36,0%	1,0%	12,5%
Provincia do centro	A Coruña	30,2%	19,6%	35,9%	1,1%	13,2%
	Lugo	34,4%	21,9%	34,3%	0,0%	9,4%
	Ourense	33,7%	16,9%	41,6%	0,0%	7,8%
	Pontevedra	27,7%	20,0%	39,2%	2,9%	10,2%

- **Categoría laboral do emprego actual**

O 41,9% dos titulados e tituladas de FP do curso 2011-2012 que contan cun emprego na actualidade están baixo a categoría profesional de peón auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida (1.612 graduados/as). Mentres, o 28,6% ocupan postos de oficiais ou traballadores/as técnicos/as especializados/as. Esta situación cambia con respecto ao primeiro emprego, onde o 52,7% dos graduados/as estaban como peóns, axudantes ou empregados/as sen requisitos previos e un 24% como oficiais ou persoal técnico especializado.

Comparando estes datos cos obtidos na enquisa anterior, os postos de dirección ou mandos intermedios e de oficiais e técnicos/as especializados/as redúcese neste estudo, pasando do 11,9% e o 36% respectivamente no estudo de hai dous anos ao 8,7% e o 28,6% nesta edición.

Gráfica 66. Categoría laboral no emprego actual




N = 3.844

Por xénero, as mulleres ocupan menos postos de dirección, mando intermedio ou como técnico especializado que os homes. A principal categoría profesional ocupada polos titulados e tituladas no emprego actual é en ambos os dous casos o de peón auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida.


Os titulados/as de ciclos de grao superior ocupan postos de maior categoría laboral que os de ciclo medio, circunstancia moi ligada ao nivel de titulación que outorgan os graos.

Gráfica 67. Categoría laboral no emprego actual por xénero



N_fem 2.148, N_masc = 1.687


Gráfica 68. Categoría laboral no emprego actual por ciclo



N_grao medio = 1.761, N_grao superior = 2.083

Por provincias, reflíctese na gráfica seguinte que as persoas graduadas nos centros de Ourense son os que ocupan máis postos como técnicos/as especializados/as en relación aos centros do resto de provincias (34,6%). En canto a postos de dirección ou mandos intermedios, destacan os centros das provincias de Lugo e A Coruña, co 17,2% e o 10,2% dos seus titulados/as respectivamente ocupando postos desta categoría laboral.

Gráfica 69. Categoría laboral no emprego actual por provincia do centro




N_Coruña = 1.667, N_Lugo = 423, N_Ourense = 418, N_Pontevedra = 1.342

- **Localización do emprego actual**

O 95,8% dos titulados e tituladas que teñen un emprego actualmente o desenvolven en Galicia (3.685 persoas), sendo noutra comunidade autónoma un 3,3%. Este dato é un 0,9% superior ao acadado na enquisa da edición anterior. Pola contra, incrementábase a porcentaxe de persoas graduadas que están traballando no estranxeiro, pasando do 0,4% hai dous anos ao 0,9% neste estudo.

Nota: É posible que o colectivo de titulados/as localizados/as no estranxeiro estea infrarepresentado na mostra final, pola dificultade de que responderan persoalmente á entrevista ao estar no estranxeiro, podendo xerar unha baixa taxa de resposta. Por este motivo, a interpretación deste dato debe realizarse tendo en conta este aspecto.

Gráfica 70. Localización do emprego actual



N = 3.844


Como se recolle na táboa 15, as provincias de A Coruña e Pontevedra rexistran a maior porcentaxe de persoas tituladas de FP no curso 2011-2012 que están traballando na actualidade, pero isto débese a que tamén son as provincias de onde proceden a maior parte dos titulados/as.

Táboa 15. Localización do emprego actual en España

Comunidade Autónoma	% de titulados/as que traballaron
A Coruña	41,9%
Lugo	8,8%
Ourense	12,2%
Pontevedra	33,6%
Andalucía	0,1%
Aragón	0,3%
Castela e León	0,3%
Castela-A Mancha	0,6%
Cataluña	0,5%
Comunidade de Madrid	0,8%
Illas Baleares	0,1%
Illas Canarias	0,1%
A Rioxa	0,1%
País Vasco	0,2%
Principado de Asturias	0,2%
Total	100%


Non existen grandes diferenzas analizando estes datos por xénero e grao do ciclo formativo. Soamente se rexistra unha pequena porcentaxe maior de titulados/as do ciclo superior en relación aos de ciclo medio traballando fóra da Comunidade.

Gráfica 71. Localización do emprego actual por xénero



N_fem 2.148, N_masc = 1.687


Gráfica 72. Localización do emprego actual por ciclo



N_grao medio = 1.761, N_grao superior = 2.083

Por provincias onde están localizados os centros que imparten os ciclos de FP, máis do 95% dos titulados/as dos centros de cada unha das provincias están traballando en territorio galego, destacando sobre todo os graduados/as dos centros da provincia de Ourense.

Gráfica 73. Localización do emprego actual por provincia do centro



N_Coruña = 1.667, N_Lugo = 423, N_Ourense = 418, N_Pontevedra = 1.342

Facendo a análise por provincia de destino, rexístrase un alto porcentaxe de titulados e tituladas dos centros de Ourense que están traballando na súa provincia (92,3%). De todas as provincias, os graduados/as dos centros da provincia de Lugo e Pontevedra son os que realizan máis desprazamentos fóra de Galicia e a outras provincias galegas para traballar.

Táboa 16. Localización do emprego actual por provincia do centro e provincia de destino


Provincia centro	Provincia na que traballa					Total
	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Fora de Galicia	
A Coruña	87,9%	2,1%	1,7%	4,3%	4,0%	100%
Lugo	9,3%	81,4%	1,2%	3,5%	4,7%	100%
Ourense	0,0%	1,9%	92,3%	3,8%	1,9%	100%
Pontevedra	3,1%	0,3%	3,1%	88,6%	4,9%	100%

N_Coruña = 1.667, N_Lugo = 423, N_Ourense = 418, N_Pontevedra = 1.342

2.1.5. Cumprimento das expectativas laborais do emprego actual


Para finalizar a descrición do emprego desempeñado actualmente, analízase se este cumpre coas expectativas laborais que os titulados e tituladas tiñan ao rematar os estudos.

As expectativas iniciais do alumando poden estar próximas ou non á realidade do mercado laboral e da formación recibida. Nelas inflúen diversos factores, como a existencia de sectores ou postos en recesión ou expansión, a territorialidade das ofertas de traballo, a reforma laboral e a actual crise que atravesa a economía e o tecido empresarial do país, entre outros. É un indicador subxectivo que contribúe a obter unha visión xeral da inserción laboral desde o punto de vista dos principais implicados/as. Deste modo mide a súa satisfacción final e en que medida a formación profesional posibilita cumprimentar unha carreira profesional satisfactoria.



O 54,8% dos graduados e graduadas de FP no curso 2011-2012 que teñen un emprego actualmente consideran que este cumpre coas súas expectativas laborais, resultado lixeiramente inferior ao do estudo anterior (56,9%).


Gráfica 74. Cumpre o emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos



Obsérvase nas seguintes gráficas que, tanto a metade dos homes como das mulleres, consideran que o seu emprego actual cumpre coas súas expectativas, no existindo grandes diferenzas en xénero nin tampouco nos graos dos ciclos. A nivel territorial, nos centros da provincia de Pontevedra o cumprimento das expectativas laborais dos seus graduados e


graduadas son maiores que no resto de provincias galegas e nos centros de A Coruña onde menos.

Gráfica 75. Cumprimento do emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos por xénero




N_fem 2.148, N_masc = 1.687

Gráfica 76. Cumprimento do emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos por ciclo



N_grao medio = 1.761, N_grao superior = 2.083

Gráfica 77. Cumprimento do emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos por provincia do centro




N_Coruña = 1.667, N_Lugo = 423, N_Ourense = 418, N_Pontevedra = 1.342

2.1.6. Continuidade doutros estudos


No estudo recóllese que ao redor da metade das persoas tituladas (51,1%, 5.613 persoas) continúan estudando tras rematar o ciclo formativo, un 5,6% máis que no estudo realizado hai dous anos sobre os titulados/as no curso 2009-2010. Como se presenta na gráfica 79, tres de cada cinco destes graduados/as que seguen estudando, non están traballando nin están buscando emprego no momento actual, é dicir, a súa única e principal actividade é estudar. A estes hai que engadir os que traballan ou están buscando un emprego e a súa vez seguen estudando. A motivación que pode levar os titulados e tituladas, aínda traballando, a continuar cos estudos pode vir pola necesidade de incrementar os seus coñecementos e capacidades e/ou mellorar a súa empregabilidade.

Gráfica 78. Persoas tituladas que seguen estudando



N = 10.985

Gráfica 79. Situación actual das persoas tituladas que seguen estudando




N = 5.613

Na seguinte gráfica móstrase máis claramente a porcentaxe de persoas que seguen estudando segundo a súa situación actual, analizada no capítulo 2.1.2 de inserción laboral, onde se recolle que o 32,2% do total de titulados/as están estudando como actividade principal. Das

persoas que están traballando no momento actual (35%), o 27,5% continúa formándose, é dicir, o 9,6% dos titulados/as en FP no curso 2011-2012 traballan e estudan (1.055 persoas). No caso dos que buscan emprego como prioridade (32,7%), o 28,2% segue estudando, reflectindo un 9,2% de graduados/as que están buscando emprego e estudando (1.012 persoas).

Gráfica 80. Persoas tituladas que seguen estudando segundo a súa situación actual




As persoas graduadas que continúan estudando deciden completar a súa formación con outro ciclo formativo (45%), cunha carreira universitaria (27%) ou con outro tipo de estudos (cursos para desempregados/as ou traballadores/as, por conta propia en centros de formación privados, preparando oposicións ou estudando idiomas, entre outros). Prodúcese un aumento na elección doutros ciclos formativos e as carreiras universitarias para proseguir a formación en relación ao estudo da edición anterior, onde esta selección era do 42,4% e o 21,8% respectivamente.

Táboa 17. Tipo de estudos cos que seguen

Tipo de estudos		Estudios desagregados	
Formación profesional	45,0%	Ciclos formativos	45,0%
		Ciencias da saúde e ciencias experimentais	7,2%
Estudios universitarios	27,0%	Ciencias sociais e xurídicas	13,3%
		Ensinanzas técnicas	5,1%
		Artes e humanidades	1,4%
		Cursos de formación ocupacional, continua ou similar	2,5%
Outro tipo de formación	28,0%	Oposicións por libre ou en academia	3,4%
		Outros cursos en centros de formación privados	7,3%
		Outros cursos	14,8%


A porcentaxe de homes graduados que seguen estudando é maior que a das tituladas. Ao redor da metade dos homes continúan estudando outro ciclo formativo, mentres que no caso das mulleres decántanse practicamente por igual, tanto pola Formación Profesional como por estudos universitarios ou outra formación.

Gráfica 81. Persoas tituladas que seguen estudando por xénero



N_fem = 5.799, N_masc = 5.186

Gráfica 82. Tipo de estudos cos que seguen por xénero




N_fem = 5.799, N_masc = 5.186

Como se recolle nas gráficas seguintes, os titulados e tituladas dos ciclos de grao superior son os que máis deciden continuar estudando, principalmente estudos universitarios. No caso dos graduados/as en ciclos de grao medio, os que continúan estudando o seguen facendo noutros ciclos de FP, na maior parte dos casos da mesma familia profesional.


As persoas tituladas nos centros das provincias de A Coruña e Pontevedra son as que continúan coa súa formación en maior medida, sobre todo estudos de FP (ver gráficas 85 e 86). A metade dos graduados e graduadas dos centros de Lugo que seguen estudando o fan tamén noutros ciclos formativos.

Gráfica 83. Persoas tituladas que seguen estudando por ciclo




N_grao medio = 5.031, N_grao superior = 5.954

Gráfica 84. Tipo de estudos cos que seguen por ciclo




N_grao medio = 5.031, N_grao superior = 5.954

Gráfica 85. Persoas tituladas que seguen estudando por provincia do centro



N_Coruña = 4.789, N_Lugo = 1.163, N_Ourense = 954, N_Pontevedra = 4.079

Gráfica 86. Tipo de estudos cos que seguen por provincia do centro



N_Coruña = 4.789, N_Lugo = 1.163, N_Ourense = 954, N_Pontevedra = 4.079

2.1.7. Carácter emprendedor das persoas tituladas de FP


Ao longo dos capítulos anteriores defínese a situación laboral dos titulados/as de FP do curso 2011-2012, así como o tipo de emprego ao que acceden cando rematan os seus estudos. Tamén se da a coñecer o tipo de modalidade laboral e de postos que ocupan segundo o perfil da persoa titulada (xénero, grao do ciclo, provincia na que rematou os seus estudos).

Dos titulados/das que acceden a un primeiro emprego, un 2,9% faíno por conta propia, ven sexa como autónomo/a sen empregados ou mediante a creación dunha empresa. Esta porcentaxe incrementábase ao 9,8% cando se analiza o emprego actual, co que queda patente que a iniciativa emprendedora impúlsase pasado un certo tempo desde o remate dos estudos. O transcurso do tempo permite aos titulados/as adquirir maior experiencia na súa profesión e os contactos profesionais suficientes para decidir traballar por conta propia. A inserción laboral por conta propia non soamente é unha alternativa á que poden optar os titulados e tituladas para acceder ao mercado de traballo, senón que tamén impulsa ao tecido empresarial e á economía dun país.

Deste modo introdúcese no informe a análise da iniciativa emprendedora dos titulados e tituladas de FP no curso 2011-2012, para coñecer a “intencionalidade” destes/as en crear a súa propia empresa a curto (menos dun ano) ou medio prazo (entre un e tres anos).

O 13,5% das persoas tituladas (1.483 graduados/as) declaran ter a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sendo este dato superior ao detectado no estudo anterior (9,5%). Catro de cada cinco destes graduados/as teñen desexo de creala a medio prazo, é dicir, entre un e tres anos.


Gráfica 87. Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa



N = 10.985


Este espírito emprendedor manifestase máis nos homes (15,3%) que nas mulleres (12,1%) e nos titulados/as dos centros da provincia de Ourense (17%) e de Lugo (15,8%). Entre os graduados/as de grao medio e superior non existen grandes diferenzas.

Gráfica 88. Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa por xénero




N_fem = 5.799, N_masc = 5.186

Gráfica 89. Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa por ciclo



N_grao medio = 5.031, N_grao superior = 5.954

Gráfica 90. Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa por provincia do centro




N_Coruña = 4.789, N_Lugo = 1.163, N_Ourense = 954, N_Pontevedra = 4.079

2.1.8. Valoración da formación recibida no ciclo formativo cursado

O último indicador da análise da inserción laboral dos titulados e tituladas de FP no curso 2011-2012 é a valoración persoal que dan estes/as sobre a Formación Profesional recibida. Para elo emprégase unha escala de valoración entre 1 “totalmente insatisfeito/a” e 6 “completamente satisfeito/a”. O emprego dunha escala cun número par de opcións de valoración implica a non existencia dunha valoración media, obrigando a todos os entrevistados/as a esforzarse máis na elección da súa resposta. A variabilidade desta escala é o bastante ampla xa que contén os matices necesarios (3 positivos e 3 negativos) e evita utilizar escalas que se relacionen coa formación e exames (1 a 10), xa que están demasiado cargadas de connotacións, especialmente para estudantes tan recentes.


O 87,8% dos titulados/as (9.645 persoas) dan unha valoración dos ciclos formativos cursados superior a 3 sobre 6, cando no estudo anterior esta porcentaxe foi do 89,8%. Estas valoracións poden estar influenciadas pola inserción laboral da persoa titulada, principal obxectivo que se persegue coa formación, e coas súas expectativas laborais pero tamén inciden outros factores persoais ou lectivos (programa formativo, docentes, centro, aplicabilidade do aprendido no posto de traballo, etc.).

Gráfica 91. Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida. Escala do 1 “totalmente insatisfeito/a” ao 6 “completamente satisfeito/a”



Os homes valoran a formación recibida cunha satisfacción media-alta, mentres que as mulleres lle dan unha valoración máis alta (ver gráfica 92). Os graduados e graduados dos ciclos de grao medio e dos centros da provincia de Ourense son tamén os que dan a valoración máis alta co resto.


Gráfica 92. Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida por xénero. Escala do 1 "totalmente insatisfeito/a" ao 6 "completamente satisfeito/a"



	Satisfacción baixa (1;2)	Satisfacción media (3;4)	Satisfacción alta (5;6)
Xénero feminino	2,2%	27,0%	70,8%
Xénero masculino	4,1%	36,2%	59,7%

N_fem = 5.799, N_masc = 5.186


Gráfica 93. Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida por ciclo. Escala do 1 "totalmente insatisfeito/a" ao 6 "completamente satisfeito/a"



	Satisfacción baixa (1;2)	Satisfacción media (3;4)	Satisfacción alta (5;6)
Ciclo de grao medio	2,0%	29,3%	68,7%
Ciclo de grao superior	4,0%	32,7%	63,3%

N_grao medio = 5.031, N_grao superior = 5.954

Gráfica 94. Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida por provincia do centro. Escala do 1 “totalmente insatisfeito/a” ao 6 “completamente satisfeito/a”



N_Coruña = 4.789, N_Lugo = 1.163, N_Ourense = 954, N_Pontevedra = 4.079

RESULTADOS

Resultados por familia

2.2. RESULTADOS POR FAMILIAS

Neste capítulo preséntanse os resultados acadados neste estudo para as distintas familias profesionais nas que se engloban os ciclos formativos, facendo primeiro unha análise comparativa das familias para cada variable e en segundo lugar, recollendo os resultados familia a familia.

Para esta análise deberase ter en conta que o número de titulados/as de FP no curso 2011-2012 en Galicia queda distribuído por familias profesionais da seguinte forma:

Táboa 18. Persoas tituladas nas familias profesionais de FP no curso 2011-2012

Familia profesional FP	Titulados/as curso 2011-2012		
	Mulleres	Homes	Total
Actividades físicas e deportivas	114	209	323
Administración e xestión	1.402	454	1.856
Agraria	52	204	256
Artes gráficas	68	48	116
Comercio e márketing	374	164	538
Edificación e obra civil	121	155	276
Electricidade e electrónica	31	952	983
Enerxía e auga	3	19	22
Fabricación mecánica	8	353	361
Hostalaría e turismo	278	185	463
Industrias alimentarias	59	39	98
Informática e comunicacións	95	564	659
Instalación e mantemento	10	358	368
Imaxe e son	111	155	266
Imaxe persoal	452	18	470
Madeira, moble e cortiza	7	102	109
Marítimo-pesqueira	25	182	207
Química	144	66	210
Sanidade	1.673	319	1.992
Servizos socioculturais e á comunidade	738	58	796
Téxtil, confección e pel	18	1	19
Transporte e mantemento de vehículos	16	581	597
Total	5.799	5.186	10.985


Para a análise do primeiro emprego débese recordar que non se teñen en conta a aqueles titulados e tituladas que no momento da recollida de información se atopan traballando na mesma empresa do seu primeiro emprego baixo a mesma categoría profesional ou tipo de contrato laboral, pois este colectivo inclúese para a descrición do emprego actual.

2.2.1. Diagnose comparativa das familias

- Resultados da análise da inserción laboral por familias profesionais

Analizando a taxa de inserción laboral das persoas tituladas en FP no curso 2011-2012 por familias profesionais, destaca que o maior nivel de inserción preséntase nas familias de Actividades físicas e deportivas, Têxtil, confección e pel, Enerxía e auga e Sanidade, con taxas por riba do 58% (a taxa dos resultados xerais é do 51,7%) e as que menos en Industrias alimentarias, Imaxe e son e Madeira, moble e cortiza (taxas inferiores ao 41%).

Gráfica 95. Inserción laboral dos titulados/as de FP no curso 2011-2012 por familia profesional



Táboa 19. Familias profesionais con maior taxa de inserción laboral

Familia profesional	Titulados/as na familia	Persoas tituladas activas	Taxa inserción laboral
Actividades físicas e deportivas	323	158	70,1%
Téxtil, confección e pel	19	14	66,7%
Enerxía e auga	22	12	60,0%
Sanidade	1.992	1.408	58,6%

Tendo en conta a situación xeral do conxunto global de persoas tituladas (ver gráfica 96), as familias de Téxtil, confección e pel, Sanidade e Marítimo-pesqueira son as que acaparan máis persoas traballando, con taxas de ocupación por riba do 40% (a porcentaxe nos resultados xerais é do 35%) e as que menos en Industrias alimentarias e Informática e comunicacións (porcentaxes inferiores ao 25%). Soamente a familia Marítimo-pesqueira conserva a súa posición entre as tres primeiras con maior taxa de ocupación en relación ao estudo da edición anterior, no que tamén destacaban Hostalaría e turismo e Informática e Comunicacións.

Táboa 20. Familias profesionais con maior taxa de ocupación

Familia profesional	Titulados/as na familia	% traballando
Téxtil, confección e pel	19	50,0%
Sanidade	1.992	41,4%
Marítimo-pesqueira	207	41,1%

As familias de Industrias alimentarias, Madeira, moble e cortiza e Imaxe persoal son as que contan con máis titulados/as buscando emprego (por riba do 45%). Presentáanse tamén máis dun 44% de titulados/as nas familias de Actividades físicas e deportivas, Informática e comunicacións e Enerxía e auga que están estudando como actividade principal.


Táboa 21. Familias profesionais con maior porcentaxe de titulados/as buscando emprego

Familia profesional	Titulados/as na familia	% buscando emprego
Industrias alimentarias	98	51,7%
Madeira, moble e cortiza	109	49,3%
Imaxe persoal	470	46,8%

Táboa 22. Familias profesionais con maior porcentaxe de titulados/as estudando como actividade principal

Familia profesional	Titulados/as na familia	% estudando
Actividades físicas e deportivas	323	51,1%
Informática e comunicacións	659	48,6%
Enerxía e auga	22	44,4%

Gráfica 96. Situación actual xeral dos titulados/as de FP no curso 2011-2012 por familia profesional




En relación ao contacto co mercado laboral do resto de persoas tituladas que no momento da realización deste estudo non están traballando, obtense na táboa 23 e na gráfica 97 que máis do 47% dos titulados/as das familias profesionais de Informática e comunicacións, Química, Imaxe e son, Instalación e mantemento e Electricidade e electrónica non obtiveron ningún emprego nestes dous últimos anos tras rematar o ciclo formativo estudado.

Táboa 23. Familias profesionais con maior porcentaxe de titulados/as que non obtiveron ningún emprego tras o remate do ciclo


Familia profesional	Titulados/as na familia	% que non obtivo ningún emprego
Informática e comunicacións	659	60,0%
Química	210	49,1%
Imaxe e son	266	48,0%
Instalación e mantemento	368	47,9%
Electricidade e electrónica	983	47,1%

Gráfica 97. Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo por familia profesional



De entre as persoas tituladas que acadaron un emprego tras rematar o seus estudos destacan as familias de Industrias alimentarias, Madeira, moble e cortiza, Actividades físicas e deportivas e Instalación e mantemento, con máis do 67% dos seus titulados/as que o acadaron antes dos 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar os estudos ou antes dos 6 meses tras finalizar o ciclo).

Gráfica 98. Tempo que tardan en obter un emprego por familia profesional




Táboa 24. Familias profesionais con maior porcentaxe de titulados/as que acadaron algún emprego antes dos 6 meses (mentres estudaba, de forma inmediata ou antes dos 6 meses tras o remate do ciclo)

Familia profesional	Titulados/as na familia	% de titulados/as que acadaron un emprego antes dos 6 meses
Industrias alimentarias	98	72,2%
Madeira, moble e cortiza	109	69,0%
Actividades física e deportivas	323	68,8%
Instalación e mantemento	368	67,1%

• **Resultados do primeiro emprego por familias profesionais**


Dos titulados/as que tiveron un emprego ao finalizar o ciclo formativo (excluíndo aos/ás que seguen traballando na mesma empresa sen variación na súa categoría ou relación laboral), detéctanse tres familias profesionais (Agraria, Actividades físicas e deportivas e Hostalaría e turismo) onde máis do 81% dos seus graduados/as ocuparon postos de traballo relacionados co ciclo cursado, sexa ou non coa categoría para a que capacita a súa formación. Este resultado é destacable, tendo en conta que a media dos resultados xerais é do 63,9%. No lado oposto atópanse as familias de Instalación e mantemento e Administración e xestión, coa maior porcentaxe de titulados/as en postos nos que non existe ningunha relación emprego-ciclo.

Gráfica 99. Relación entre o ciclo formativo cursado e o primeiro emprego por familia profesional



En relación ás vías de acceso ao primeiro emprego, destacan as familias de Imaxe persoal, Fabricación mecánica e Imaxe e son entre as que é máis habitual que os seus titulados/as accedan a un posto de traballo a través das empresas onde realizaron as prácticas non laborais do ciclo. Máis do 41% dos seus graduados e graduadas obteñen o seu primeiro emprego na empresa onde realizaron a súa formación en centros de traballo, moi por riba da media xeral (33%).


Gráfica 100. O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT por familia profesional



Entre as outras vías de acceso ao mercado laboral empregadas polo resto de persoas graduadas para atopar o seu primeiro posto de traballo, na maior parte das familias utilízanse principalmente os contactos e a solicitude mediante o envío do currículo por iniciativa propia.

Na familia de Enerxía e auga, o emprego da solicitude por iniciativa propia destaca como a única vía identificada polas persoas tituladas entrevistadas nesta rama. En Marítimo-pesqueira e Madeira, moble e cortiza destacan que máis do 66,7% dos seus graduados/as empregaron os contactos como medio de acceso ao seu primeiro emprego, cando a media xeral de emprego desta vía é do 35,1%. Ademais, nestas tres familias, xunto coa de Instalación e mantemento, non se atopan persoas tituladas que identifiquen o centro educativo como medio que permitiu o acceso ao seu primeiro posto de traballo.


Gráfica 101. Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego por familia profesional



Por modalidade laboral, soamente nas familias de Agraria e Madeira, moble e cortiza detéctase que menos do 80% dos seus graduados e graduadas optaron ao seu primeiro emprego por conta allea no sector privado, que como se recolle no capítulo 2.1.3 é o principal tipo de relación laboral establecido polos titulados/as no acceso ao seu primeiro posto de traballo. En Agraria esta menor porcentaxe transvásase a unha maior porcentaxe de persoas tituladas que obteñen o seu primeiro traballo no sector público.

Destacar en relación á alternativa para acceder ao mercado laboral mediante o emprego por conta propia, as familias de Artes gráficas, Informática e comunicacións e Imaxe e son, onde ao menos o 10% dos seus titulados/as empregan a modalidade de autónomo sen empregados ou crean a súa propia empresa.

Gráfica 102. Modalidade laboral do primeiro emprego por familia profesional



Dentro de sector público, a tipoloxía contractual máis representativa é a de persoal laboral. Non se inclúen datos das familias de Enerxía e auga e Imaxe e son porque dos titulados/as entrevistados/as ningún ocupou un posto de traballo no ámbito público.

Táboa 25. Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector público por familia profesional

Familia profesional	Funcionario	Interino	Persoal laboral	Contratado administrativo	Bolseiro
Actividades físicas e deportivas	10,0%	30,0%	50,0%	10,0%	0,0%
Administración e xestión	0,0%	0,0%	60,0%	40,0%	0,0%
Agraria	0,0%	0,0%	78,9%	5,3%	15,8%
Artes gráficas	0,0%	0,0%	50,0%	0,0%	50,0%
Comercio e márketing	0,0%	0,0%	63,6%	9,1%	27,3%
Edificación e obra civil	0,0%	0,0%	50,0%	0,0%	50,0%
Electricidade e electrónica	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Fabricación mecánica	0,0%	0,0%	42,9%	42,9%	14,3%
Hostalaría e turismo	10,0%	10,0%	50,0%	20,0%	10,0%
Imaxe persoal	0,0%	12,5%	62,5%	0,0%	25,0%
Industrias alimentarias	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Informática e comunicacións	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Instalación e mantemento	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Madeira, moble e cortiza	0,0%	25,0%	50,0%	25,0%	0,0%
Marítimo-pesqueira	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Química	0,0%	0,0%	66,7%	0,0%	33,3%
Sanidade	0,0%	20,0%	70,0%	10,0%	0,0%
Servizos socioculturais e á comunidade	0,0%	14,3%	28,6%	28,6%	28,6%
Téxtil, confección e pel	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Transporte e mantemento de vehículos	0,0%	16,7%	33,3%	33,3%	16,7%


No sector privado destacan en todas as familias os contratos de carácter temporal, principalmente cunha duración definida, agás nas familias de Agraria, Imaxe e son, Instalación e mantemento, Química e Servizos socioculturais e á comunidade, onde o contrato por obra e servizo é o predominante.

Táboa 26. Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector privado por familia profesional

Familia profesional	Indefinido	Temporal obra ou servizo	Temporal definido	Sen contrato	Outros / Non sabe
Actividades físicas e deportivas	6,9%	29,3%	41,4%	6,9%	15,5%
Administración e xestión	8,8%	30,9%	38,2%	2,9%	19,1%
Agraria	8,3%	52,8%	19,4%	5,6%	13,9%
Artes gráficas	4,0%	24,0%	52,0%	4,0%	16,0%
Comercio e márketing	8,1%	25,8%	46,8%	3,2%	16,1%
Edificación e obra civil	0,0%	29,3%	53,7%	0,0%	17,1%
Electricidade e electrónica	4,7%	34,4%	50,0%	3,1%	7,8%
Enerxía e auga	0,0%	33,3%	66,7%	0,0%	0,0%
Fabricación mecánica	6,5%	33,9%	41,9%	0,0%	17,7%
Hostalaría e turismo	9,8%	31,1%	52,5%	0,0%	6,6%
Imaxe e son	17,1%	39,0%	24,4%	12,2%	7,3%
Imaxe persoal	1,4%	32,9%	44,3%	10,0%	11,4%
Industrias alimentarias	0,0%	35,7%	42,9%	7,1%	14,3%
Informática e comunicacións	10,8%	32,4%	32,4%	2,7%	21,6%
Instalación e mantemento	19,5%	41,5%	31,7%	0,0%	7,3%
Madeira, moble e cortiza	13,6%	27,3%	59,1%	0,0%	0,0%
Marítimo-pesqueira	18,2%	29,5%	38,6%	0,0%	13,6%
Química	8,8%	38,2%	35,3%	0,0%	17,6%
Sanidade	9,5%	25,0%	54,8%	1,2%	9,5%
Servizos socioculturais e á comunidade	1,6%	45,2%	38,7%	3,2%	11,3%
Téxtil, confección e pel	0,0%	20,0%	60,0%	0,0%	20,0%
Transporte e mantemento de vehículos	12,7%	29,1%	50,9%	0,0%	7,3%


A principal categoría profesional ocupada polos titulados e tituladas na maior parte das familias é a de peón auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida, destacando sobre todo nas familias de Industrias alimentarias, Artes gráficas e Hostalaría e turismo (máis do 63%). A categoría de oficial ou traballador técnico especializado é a principal nas familias de Química, Actividades físicas e deportivas e Electricidade e Electrónica. Agraria é a que máis achega de titulados/as en postos de dirección ou mando intermedio.

Gráfica 103. Categoría laboral no primeiro emprego por familia profesional



En canto a localización do primeiro emprego, soamente a familia Marítimo-pesqueira rexistra menos do 90% dos seus titulados/as ocupando postos dentro de Galicia. Nesta rama, o 22,2% dos graduados/as desempeñaron o seu primeiro posto de traballo noutra comunidade autónoma ou no estranxeiro.


Gráfica 104. Localización do primeiro emprego por familia profesional



• **Resultados do emprego actual por familias profesionais**


Das persoas tituladas que están traballando no momento da recollida dos datos, detéctase nas familias de Têxtil, confección e pel, Hostalaría e turismo e Actividades físicas e deportivas máis do 75% dos seus graduados/as ocupando postos de traballo relacionados co ciclo formativo rematado dous anos atrás. Recordemos que a media dos resultados xerais é do 60,5%. Pola súa contra, nas familias de Imaxe persoal e Edificación e obra civil, máis do 50% das súas persoas tituladas declaran que non existe ningunha relación entre o emprego actual e a formación recibida.

Gráfica 105. Relación entre o ciclo formativo cursado e o emprego actual por familia profesional




En relación ás vías de acceso ao emprego actual, as familias de Actividades físicas e deportivas (37,8%) e Fabricación mecánica (35,2%) atópanse entre as que é máis habitual que os seus titulados/as ocupen postos de traballo nas empresas onde realizaron as prácticas non laborais do ciclo, cando a media xeral é do 18,7%. Destacar as familias de Imaxe e son e Madeira, moble e cortiza, onde menos do 10% dos seus graduados/as traballan nas empresas onde realizaron a FCT, así como a familia de Enerxía e auga. Nesta rama, as persoas tituladas entrevistadas declaran que ningunha ocupa postos nas empresas onde realizaron as prácticas.

Gráfica 106. O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT por familia profesional



O resto de titulados e tituladas acceden ao seu posto de traballo actual principalmente mediante os contactos, agás na familia de Sanidade, onde a solicitude por iniciativa propia é o principal medio de acceso ao emprego desempeñado actualmente. Destacar as familias de Enerxía e auga e Têxtil, confección e pel como as únicas onde non se identifica os contactos como medio de acceso ao emprego actual. En varias familias, o centro educativo non é identificado polas persoas tituladas como medio que permitiu o acceso ao posto de traballo actual.


Gráfica 107. Outras vías de inserción laboral ao emprego actual por familia profesional



Por modalidade laboral, agás nas familias de Agraria, Industrias alimentarias e Enerxía e auga, no resto de familias detéctase que máis do 69% dos seus graduados e graduadas desenvolven o emprego actual por conta allea no sector privado, nalgúns casos incluso por riba do 80%. Nos postos ocupados no sector público destacan os titulados/as de Agraria.

En relación á alternativa para acceder ao mercado laboral mediante o emprego por conta propia, destacar as familias de Industrias alimentarias, Instalación e mantemento, Artes gráficas, Agraria e Marítimo-pesqueira, onde máis do 17% dos seus titulados/as empregan a modalidade de autónomo sen empregados ou crean a súa propia empresa. Estas porcentaxes chegan ao 40% no caso da familia de Industrias alimentarias. Tamén destacan as familias de Enerxía e auga e Têxtil, confección e pel.

Gráfica 108. Modalidade laboral no emprego actual por familia profesional



Dentro do sector público, a tipoloxía contractual máis representativa na maioría das familias é a de persoal laboral. Nas familias de Edificación e obra civil, Informática e comunicacións e Marítimo-pesqueira o posto de funcionario/a é o maioritario. Destaca en Electricidade e electrónica a tipoloxía de contratado administrativo. Non se inclúen datos das familias de Enerxía e auga, Industria alimentaria e Têxtil, confección e pel porque dos titulados/as entrevistados/as ningún ocupou un posto de traballo no ámbito público.

Táboa 27. Tipoloxía contractual do emprego actual no sector público por familia profesional

Familia profesional	Funcionario	Interino	Persoal laboral	Contratado administrativo	Bolseiro
Actividades físicas e deportivas	0,0%	12,5%	87,5%	0,0%	0,0%
Administración e xestión	0,0%	0,0%	45,5%	18,2%	36,4%
Agraria	0,0%	12,5%	87,5%	0,0%	0,0%
Artes gráficas	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%	100,0%
Comercio e márketing	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Edificación e obra civil	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Electricidade e electrónica	0,0%	0,0%	0,0%	50,0%	50,0%
Fabricación mecánica	0,0%	0,0%	50,0%	25,0%	25,0%
Hostalaría e turismo	0,0%	0,0%	75,0%	25,0%	0,0%
Imaxe e son	0,0%	25,0%	50,0%	0,0%	25,0%
Imaxe persoal	0,0%	0,0%	66,7%	0,0%	33,3%
Informática e comunicacións	50,0%	0,0%	25,0%	25,0%	0,0%
Instalación e mantemento	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Madeira, moble e cortiza	0,0%	33,3%	33,3%	0,0%	33,3%
Marítimo-pesqueira	50,0%	25,0%	25,0%	0,0%	0,0%
Química	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Sanidade	0,0%	0,0%	100,0%	0,0%	0,0%
Servizos socioculturais e á comunidade	9,1%	9,1%	63,6%	18,2%	0,0%
Transporte e mantemento de vehículos	0,0%	0,0%	66,7%	33,3%	0,0%


No sector privado, aínda que o contrato indefinido ten maior presenza que cando se analiza o primeiro emprego, sobre todo nas familias Martítimo-pesqueira, Administración e xestión e Informática e comunicacións, de novo destaca en case todas as familias como maioritario o contrato de carácter temporal. Dentro deste, o principal é o contrato temporal cunha duración definida, agás nas familias Edificación e obra civil, Informática e comunicacións, Marítimo-pesqueira, Imaxe e son e Hostalaría e turismo, onde o contrato por obra e servizo é o predominante. No caso da familia de Enerxía e auga, todas as persoas tituladas entrevistadas declaran ocupar postos con contratos indefinidos.

Táboa 28. Tipoloxía contractual do emprego actual no sector privado por familia profesional

Familia profesional	Indefinido	Temporal obra ou servizo	Temporal definido	Sen contrato	Outros / Non sabe
Actividades físicas e deportivas	21,2%	36,4%	36,4%	0,0%	6,1%
Administración e xestión	37,5%	19,6%	23,2%	3,6%	16,1%
Agraria	28,6%	28,6%	28,6%	0,0%	14,3%
Artes gráficas	10,5%	26,3%	42,1%	0,0%	21,1%
Comercio e márketing	41,0%	15,4%	33,3%	2,6%	7,7%
Edificación e obra civil	25,0%	41,7%	19,4%	2,8%	11,1%
Electricidade e electrónica	28,0%	16,0%	42,0%	0,0%	14,0%
Enerxía e auga	100,0%	0,0%	0,0%	0,0%	0,0%
Fabricación mecánica	25,5%	25,5%	34,0%	0,0%	14,9%
Hostalaría e turismo	24,3%	32,4%	27,0%	2,7%	13,5%
Imaxe e son	20,8%	37,5%	29,2%	0,0%	12,5%
Imaxe persoal	28,6%	14,3%	40,5%	2,4%	14,3%
Industrias alimentarias	0,0%	33,3%	66,7%	0,0%	0,0%
Informática e comunicacións	35,3%	26,5%	14,7%	2,9%	20,6%
Instalación e mantemento	30,0%	16,7%	40,0%	0,0%	13,3%
Madeira, moble e cortiza	13,3%	20,0%	60,0%	0,0%	6,7%
Marítimo-pesqueira	41,2%	29,4%	20,6%	0,0%	8,8%
Química	17,4%	30,4%	39,1%	4,3%	8,7%
Sanidade	34,6%	6,4%	51,3%	1,3%	6,4%
Servizos socioculturais e á comunidade	13,3%	37,8%	42,2%	0,0%	6,7%
Téxtil, confección e pel	33,3%	0,0%	66,7%	0,0%	0,0%
Transporte e mantemento de vehículos	21,6%	17,6%	49,0%	0,0%	11,8%


A principal categoría profesional ocupada polos titulados e tituladas na maior parte das familias é a de peón auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida, destacando sobre todo nas familias de Hostalaría e turismo, Artes gráficas, Sanidade e Agraria (máis do 50%). A categoría de oficial ou traballador técnico especializado é a principal nas familias de Informática e comunicacións, Fabricación mecánica, Actividades físicas e deportivas e Electricidade e Electrónica, entre outras. Instalación e mantemento, Imaxe e son, Agraria, Enerxía e auga e Téxtil, confección e pel son as que máis achegan de titulados/as en postos de dirección ou mando intermedio.

Gráfica 109. Categoría laboral no emprego actual por familia profesional



En canto a localización do emprego actual, as familias de Têxtil, confección e pel, Marítimo-pesqueira, Imaxe e son e Química rexistran menos do 90% dos seus titulados/as ocupando postos dentro de Galicia. Nestas ramas, entre o 10-25% dos seus graduados/as desempeñan o posto de traballo actual noutra comunidade autónoma ou no estranxeiro. Destacan as familias de Industrias alimentarias, Enerxía e auga, Madeira, moble e cortiza e Transporte e mantemento de vehículos onde a totalidade de persoas tituladas entrevistadas indican que traballan dentro da Comunidade.


Gráfica 110. Localización do emprego actual por familia profesional



• **Cumprimento das expectativas laborais do emprego actual**

Como se recolle no capítulo 2.1.5, o 54,8% dos graduados/as que teñen un emprego actualmente consideran que este cumpre coas expectativas laborais que tiñan ao rematar os estudos. Analizando as distintas familias profesionais, en máis do 50% dos titulados/as da maioría das familias cúmprense as súas expectativas co emprego desempeñado, sobre todo nas familias de Actividades físicas e deportivas (77,8%), Transporte e mantemento de vehículos (72,9%) e Téxtil, confección e pel, onde a totalidade de persoas tituladas entrevistadas declaran que o seu posto actual cumpre as súas expectativas laborais. No lado oposto temos as familias de Edificación e obra civil, Imaxe e son e Enerxía e auga (menos do 35%).


Gráfica 111. Cumpre o emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos por familia profesional



• **Resultados sobre a continuidade dos estudos por familias profesionais**

Ao longo do estudo recollese que ao redor da metade das persoas tituladas de FP no curso 2011-2012 continúan estudando tras rematar o ciclo formativo. No caso dos titulados/as das familias de Actividades físicas e deportivas e Informática e comunicacións esta porcentaxe está moi por riba do dato xeral, co 73% e o 66,7% dos seus graduados/as estudando respectivamente.


Gráfica 112. Persoas tituladas que seguen estudando por familias profesionais



Na seguinte gráfica móstrase a situación actual na que se atopan os/as titulados/as que seguen estudando e onde se pode apreciar aqueles/as que traballan e estudan ou están buscando emprego e estudando. En Sanidade, Hostalaría e Turismo, Administración e xestión e


Comercio e márketing, un de cada catro dos seus graduados/as que seguen estudando están traballando na actualidade. No caso de T xtil, confecci n e pel, a nda que   unha das familias onde menos titulados/as seguen estudando, destes o 33,3% te nen un posto de traballo actualmente. Destacan as familias de Enerx a e auga, Transporte e mantemento de veh culos, Inform tica e comunicaci ns e Electricidade e Electr nica, onde m is do 73% dos titulados/s que est n estudando, realizan esta actividade de forma  nica, sen estar traballando nin buscando un emprego.

Gr fica 113. Situaci n actual das persoas tituladas que seguen estudando por familias profesionais




Analizando a continuidade dos estudos por parte das persoas tituladas que están traballando no momento da recompilación dos datos, na gráfica 114 recóllese que o 15,3% do total de titulados/as nos ciclos da familia de Actividades físicas e deportivas traballan e estudan. Na familia de Hostalaría e turismo esta porcentaxe é do 13,8%. No lado oposto atópanse as familias de Têxtil, confección e pel, Transporte e mantemento de vehículos e Marítimo-pesqueira, onde entre o 31% e o 37% dos seus titulados e tituladas están soamente traballando, é dicir, non están realizando a súa vez outros estudos.

Gráfica 114. Continuidade dos estudos das persoas tituladas que traballan por familias profesionais



As persoas graduadas que continúan estudando deciden completar a súa formación principalmente con outro ciclo formativo ou cunha carreira universitaria. Destacan no primeiro caso, as familias de Instalación e mantemento, Fabricación mecánica e Transporte e mantemento de vehículos, con máis do 70% dos seus titulados/as que seguen estudando facendo estudos de formación profesional. No caso dos estudos universitarios, destacan as familias de Servizos socioculturais e á comunidade e Actividades físicas e deportivas.


Gráfica 115. Tipo de estudos cos que seguen por familia profesional



• **Resultados do carácter emprendedor por familias profesionais**

Atendendo á iniciativa dos titulados e tituladas de FP no curso 2011-2012 de crear a súa propia empresa, máis do 20% dos graduados/as das familias de Agraria, Imaxe persoal, Hostalaría e turismo e Industrias alimentarias teñen a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Destacar que na familia de Têxtil, confección e pel a metade dos titulados/as entrevistados/as declaran ter esta intención ou no caso da familia de Enerxía e auga, que ningún ten pensado crear a súa empresa de aquí a tres anos.

Gráfica 116. Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa por familia profesional



• **Valoración da formación recibida por familias profesionais**

En sete familias profesionais obsérvase que máis do 65% dos seus titulados/as dan unha valoración alta dos ciclos formativos cursados (5,6), tendo en conta unha escala de valoración entre 1 “totalmente insatisfeito/a” e 6 “completamente satisfeito/a”. Este dato arroxa que dous de cada tres graduados/as nestas ramas están bastante satisfeitos/as co ciclo formativo cursado. Soamente nas familias de Enerxía e auga e Têxtil, confección e pel hai máis do 10% de titulados/as que dan un valoración baixa (1,2) á formación recibida. Non obstante, destacar que os ciclos da familia de Enerxía e auga atópanse tamén nos primeiros postos dos mellor valorados.

Recordemos que estas valoracións poden estar influenciadas pola inserción laboral da persoa titulada, polas súas expectativas laborais, así como por outros factores persoais ou lectivos (programa formativo, docentes, centro, aplicabilidade do aprendido no posto de traballo, etc.).

Táboa 29. Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida por familia profesional. Ordenado pola valoración máis alta.
Escala do 1 “totalmente insatisfeito/a” ao 6 “completamente satisfeito/a”

	Satisfacción baixa (1;2)	Satisfacción media (3;4)	Satisfacción alta (5;6)
Servizos socioculturais e á comunidade	0,0%	16,5%	83,5%
Enerxía e auga	11,1%	11,1%	77,8%
Actividades físicas e deportivas	2,9%	23,4%	73,7%
Sanidade	1,9%	27,9%	70,2%
Administración e xestión	0,9%	29,7%	69,3%
Química	2,7%	28,6%	68,8%
Artes gráficas	2,8%	30,6%	66,7%
Fabricación mecánica	2,7%	32,4%	64,9%
Transporte e mantemento de vehículos	4,8%	30,4%	64,9%
Imaxe persoal	4,4%	32,3%	63,3%
Comercio e márketing	4,2%	32,7%	63,0%
Madeira, moble e cortiza	5,3%	32,0%	62,7%
Industrias alimentarias	3,4%	34,5%	62,1%
Agraria	2,4%	37,4%	60,2%
Hostalaría e turismo	7,2%	32,6%	60,1%
Edificación e obra civil	6,3%	34,4%	59,4%
Electricidade e electrónica	5,2%	36,6%	58,1%
Informática e comunicacións	3,4%	39,4%	57,1%
Instalación e mantemento	2,1%	41,5%	56,3%
Marítimo-pesqueira	5,4%	38,4%	56,3%
Têxtil, confección e pel	12,5%	37,5%	50,0%
Imaxe e son	7,2%	44,0%	48,8%

2.2.2. Diagnose familia a familia

A continuación recóllense os resultados do estudo para cada unha das 22 familias profesionais nas que se agrupan os ciclos da formación profesional do curso 2011-2012. En primeiro lugar faise unha descrición dos principais datos da familia, para expoñer a continuación as gráficas dos resultados acadados. O dato que se recolle sobre persoas tituladas activas fai referencia, como se describe no capítulo 2.1.2, ao colectivo de titulados/as que no período de realización do estudo están traballando ou que están buscando emprego de forma activa.



Actividades físicas e deportivas

O 70,1% dos titulados/as activos/as encóntranse traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral de FP no curso 2011-2012 (51,7%). Actividades físicas e deportivas é a familia con maior nivel de inserción laboral do conxunto de FP. Atendendo a súa situación actual, o 34,3% das persoas tituladas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 35%) e a metade realizan estudos como actividade principal. Ademais, é a primeira familia con menos graduados/as buscando emprego. O 32,1% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 68,8% acadárono antes dos 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo), sendo unha das mellores familias neste aspecto.



Titulados/as:
323 persoas


Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 75,6% das persoas tituladas traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por riba da media xeral (60,5%), rexistrándoa como unha das familias onde existe maior relación emprego-ciclo. No obstante, este dato está por debaixo do recollido no primeiro emprego (85,5%). O 37,8% dos graduados/as que traballan, fano na empresa onde realizaron as prácticas. Este dato sitúa á familia de Actividades físicas e deportivas como a primeira onde é máis habitual que os seus titulados/as ocupen postos de traballo nas empresas onde realizaron as prácticas non laborais do ciclo. Do resto de titulados/as que traballan na actualidade, o 35,7% acadaron o seu emprego mediante os contactos, sendo no primeiro emprego maior a solicitude por iniciativa propia.

O 73,3% dos seus graduados e graduadas desenvolven o emprego actual por conta allea no sector privado, destacando como maioritario o contrato de carácter temporal. O 8,9% dos titulados/as traballan por conta propia, un 7,5% máis en comparación co primeiro emprego. O 40% dos que teñen un emprego actualmente ocupan postos de dirección ou mando intermedio, sendo unha das familias que máis achega a esta categoría profesional e o 97,8% ten localizado este posto de traballo en Galicia.


O 77,8% das persoas tituladas desta familia consideran que o posto desempeñado actualmente responde ás súas expectativas laborais, sendo unha das familias con maior cumprimento das súas expectativas. Tres de cada catro titulados/as continúan estudando, sobre todo estudos universitarios, e o 17,5% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando por riba da media xeral (13,5%).

O 73,7% dos graduados/as nos ciclos desta familia dan unha valoración alta á formación cursada (5 e 6 sobre unha escala de 6), sendo uns dos que máis valoran os seus estudos.


Gráficas 117. Resultados de inserción laboral dos titulados/as na familia Actividades físicas e deportivas




Inserción laboral dos titulados/as sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual dos titulados/as




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual




Modalidade laboral do primeiro emprego




Modalidade laboral do emprego actual




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector público




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector público




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector privado




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector privado




Categoría laboral no primeiro emprego




Categoría laboral no emprego actual




Localización do primeiro emprego




Localización do emprego actual




Cumpre o emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos




Persoas tituladas que seguen estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa



	Satisfacción baixa (1;2)	Satisfacción media (3;4)	Satisfacción alta (5;6)
Valoración satisfacción	2,9%	23,4%	73,7%

Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida Escala do 1 "totalmente insatisfeito/a" ao 6 "completamente satisfeito/a"

Administración e xestión

O 49,4% das persoas tituladas activas encóntranse traballando no momento actual, unha taxa de inserción laboral lixeiramente por debaixo da media xeral de FP (51,7%). Atendendo a súa situación actual, o 36,3% dos titulados/as ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 35%), o 37,3% están buscando emprego e o 26,4% está realizando estudos como actividade principal. Aínda que o 43,4% non obtivo ningún emprego desde o remate do ciclo, ao redor da metade dos que si o obtiveron, acadárono antes dos 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Titulados/as:
1.856 persoas

Atendendo aos resultados recollidos no primeiro emprego e no posto de traballo actual, o 56,3% das persoas tituladas traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (60,5%) pero por riba do recollido no primeiro emprego (49,3%). Soamente o 14,1% dos graduados/as que traballan, fano na empresa onde realizaron as prácticas. Este dato sitúa a esta familia entre as que é menos habitual que os seus titulados/as ocupen postos de traballo nas empresas onde realizaron as prácticas non laborais do ciclo. Do resto de titulados/as que traballan na actualidade, o 39,3% acadaron o seu emprego mediante os contactos, mentres que no primeiro emprego a principal vía é a solicitude por iniciativa propia.


O 78,9% dos seus graduados e graduadas desenvolven o emprego actual por conta allea no sector privado. Aínda que o máis habitual é o contrato de carácter temporal, sobre todo de duración definida, destaca nesta familia un importante porcentaxe de persoas tituladas con contrato indefinido (37,5%). Ademais, un 5,6% dos titulados/as traballan por conta propia. O 40,8% dos que teñen un emprego actualmente, ocupan postos de persoal auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida, aos que hai que engadir un 21,1% en postos de oficial ou traballador técnico especializado. O 97,2% ten localizado este posto de traballo en Galicia.

Soamente ao redor da metade das persoas tituladas da familia de Administración e xestión consideran que o posto desempeñado actualmente responde ás súas expectativas laborais.


O 46,7% dos titulados/as continúan estudando, sobre todo outros ciclos formativos ou outro tipo de estudos (formación continua e ocupacional, oposicións, cursos en centros de formación privados, idiomas, etc.), e o 13,2% ten a intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando lixeiramente por debaixo da

media xeral (13,5%). O 69,3% dos graduados/as nos ciclos desta familia dan unha valoración alta á formación cursada (5 e 6 sobre unha escala de 6).


Gráficas 118. Resultados de inserción laboral dos titulados/as na familia Administración e xestión




Inserción laboral dos titulados/as sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual dos titulados/as




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual




Modalidade laboral do primeiro emprego




Modalidade laboral do emprego actual




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector público




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector público




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector privado




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector privado




Categoría laboral no primeiro emprego




Categoría laboral no emprego actual




Localización do primeiro emprego




Localización do emprego actual




Cumpre o emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos




Persoas tituladas que seguen estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa



	Satisfacción baixa (1;2)	Satisfacción media (3;4)	Satisfacción alta (5;6)
Valoración satisfacción	0,9%	29,7%	69,3%

Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida Escala do 1 "totalmente insatisfeito/a" ao 6 "completamente satisfeito/a"

Agraria

O 46% dos titulados/as activos/as encóntranse traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral (51,7%). Atendendo a súa situación actual, o 32,5% das persoas tituladas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 35%), mentres que o 38,2% está buscando emprego e un 28,5% está estudando como actividade principal. O 30,9% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado, sendo unha das familias con menos titulados/as que non tiveron ningún emprego nos últimos dous anos tras o remate do ciclo. Dos que si obtiveron un posto de traballo algunha vez, o 52,4% acadárono antes dos 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo). Destaca tamén un 16,7% de graduados/as que xa tiñan un emprego antes de comezar cos estudos.



Titulados/as:
256 persoas


Facendo a comparativa dos resultados acadados no primeiro emprego e no emprego actual, aínda que a porcentaxe de persoas tituladas que traballan actualmente en postos relacionados co ciclo é inferior ao dato recollido no primeiro emprego (71,4% no emprego actual e 87,7% no primeiro emprego), este dato supera a media xeral (60,5%) e sitúa a familia Agraria entre as que existe maior relación emprego actual-ciclo. O 25,7% dos graduados/as que traballan, fano na empresa onde realizaron as prácticas. Do resto de titulados/as cun posto na actualidade, o 23,1% acadaron o seu emprego mediante os contactos, pero en menor proporción que no primeiro emprego (43,5%). No emprego actual o centro educativo perde o seu papel como vía de acceso ao mercado de traballo para os titulados/as desta rama.

O 60% das persoas tituladas desenvolven o emprego actual por conta allea no sector privado, mentres que un 22,9% ocupan postos no sector público. O 17,1% restante emprega a modalidade de autónomo sen empregados ou crean a súa propia empresa, un 13,6% máis en comparación co primeiro emprego. No sector privado destaca como maioritario o contrato de carácter temporal. O 51% dos que teñen un emprego actualmente ocupan postos de peón auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida, sendo unha das familias que máis destaca nesta categoría, así como nos postos de dirección ou mando intermedio (22,9%). O 94,3% ten localizado o seu posto de traballo actual en Galicia, mentres que o 5,7% está traballando noutra comunidade ou no estranxeiro.


O 48,6% dos titulados/as de Agraria consideran que o posto desempeñado actualmente responde ás súas expectativas laborais. O 45,1% continúan estudando, basicamente outros ciclos

formativos e o 22,8% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Este dato está moi por riba da media xeral (13,5%) e presenta aos titulados/as desta familia como uns dos que máis iniciativa emprendedora teñen. O 60,2% dos graduados/as dan unha valoración alta á formación cursada (5 e 6 sobre unha escala de 6).


Gráficas 119. Resultados de inserción laboral dos titulados/as na familia Agraria




Inserción laboral dos titulados/as sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual dos titulados/as




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual




Modalidade laboral do primeiro emprego




Modalidade laboral do emprego actual




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector público




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector público




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector privado




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector privado




Categoría laboral no primeiro emprego




Categoría laboral no emprego actual




Localización do primeiro emprego




Localización do emprego actual




Cumpre o emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos




Persoas tituladas que seguen estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa



	Satisfacción baixa (1;2)	Satisfacción media (3;4)	Satisfacción alta (5;6)
Valoración satisfacción	2,4%	37,4%	60,2%

Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida
Escala do 1 "totalmente insatisfeito/a" ao 6 "completamente satisfeito/a"

Artes gráficas

O 53,2% dos titulados/as activos/as encóntranse traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral de FP no curso 2011-2012 (51,7%). Atendendo a súa situación actual, o 34,7% das persoas tituladas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 35). Pola súa parte, o 30,6% está buscando emprego e o 34,7% realiza estudos como actividade principal. O 40,3% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 62,8% acadárono antes dos 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Titulados/as:
116 persoas

Comparando os resultados observados no primeiro emprego co posto de traballo actual, o 52% das persoas tituladas traballan actualmente en postos relacionados co ciclo, resultado por debaixo da media xeral (60,5%) e do recollido no primeiro emprego (56,7%). O 16% dos graduados/as que traballan, fano na empresa onde realizaron as prácticas. Do resto de titulados/as cun posto na actualidade, o 38,1% acadaron o seu emprego mediante os contactos, mentres que no primeiro emprego utilízanse de igual modo tanto os contactos coma a solicitude por iniciativa propia.


O 76% das persoas tituladas desenvolven o emprego actual por conta allea no sector privado, destacando como maioritario o contrato de carácter temporal, sobre todo de duración definida. Destacar un 20% dos titulados/as que traballan por conta propia, un 10% máis en comparación co primeiro emprego, e situándoa como unha das familias de FP onde máis graduados/as están traballando como autónomos/as sen empregados/as ou crean a súa propia empresa. O 60% dos que teñen un emprego actualmente ocupan postos de persoal auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida, sendo unha das familias que máis destaca nesta categoría. O 96% ten localizado o seu posto de traballo actual en Galicia, mentres que o 4% restante está traballando noutra comunidade española.

A pesar de ter un nivel de inserción laboral por riba da media xeral, soamente o 44% das persoas tituladas en Artes gráficas consideran que o posto desempeñado actualmente responde ás súas expectativas laborais.


O 47,9% dos titulados/as continúan estudando, sobre todo outros ciclos formativos de FP. Soamente un 5,9% optan por estudos universitarios. A pesar de que na actualidade unha alta porcentaxe traballan por conta propia, soamente o 11,1% ten a intención de crear a súa propia empresa nun futuro, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos), estando por debaixo da

media xeral (13,5%). O 66,7% dos graduados/as nos ciclos desta familia dan unha valoración alta á formación cursada (5 e 6 sobre unha escala de 6).


Gráficas 120. Resultados de inserción laboral dos titulados/as na familia Artes gráficas




Inserción laboral dos titulados/as sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual dos titulados/as




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual




Modalidade laboral do primeiro emprego




Modalidade laboral do emprego actual




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector público




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector público




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector privado




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector privado




Categoría laboral no primeiro emprego




Categoría laboral no emprego actual




Localización do primeiro emprego




Localización do emprego actual




Cumpre o emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos




Persoas tituladas que seguen estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa



	Satisfacción baixa (1;2)	Satisfacción media (3;4)	Satisfacción alta (5;6)
Valoración satisfacción	2,8%	30,6%	66,7%

Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida Escala do 1 "totalmente insatisfeito/a" ao 6 "completamente satisfeito/a"

Comercio e márketing

O 47,7% das persoas tituladas activas encóntranse traballando no momento actual, unha taxa de inserción laboral por debaixo da media xeral de FP (51,7%). Atendendo a súa situación actual, o 31,5% dos titulados/as ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 35%), mentres que o 34,5% está buscando emprego e o 33,9% está estudando. O 40,6% non obtivo ningún emprego tras finalizar o ciclo cursado, pero dos que si obtiveron un posto de traballo algunha vez, o 57,1% acadárono antes dos 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Titulados/as:
538 persoas

Facendo a comparativa entre os datos do primeiro emprego e o emprego actual, o 56,3% das persoas tituladas que traballan actualmente fano en postos relacionados co ciclo, dato inferior ao recollido no primeiro emprego (62,3) e á media xeral de FP (60,5%). O 14,6% traballan na empresa onde realizaron as prácticas, o que resulta unha porcentaxe por debaixo do resultado global das familias (18,7%). Do resto de titulados/as cun posto na actualidade, o 39% acadaron o seu emprego mediante os contactos persoais, familiares ou profesionais, moi similar ao dato do primeiro emprego (40,8%). No emprego actual, o centro educativo perde o seu papel como vía de acceso ao mercado de traballo para os titulados/as desta rama.


O 81,3% das persoas tituladas desenvolven o emprego actual por conta allea no sector privado e un 12,5% traballa por conta propia, un 7,3% máis en comparación co primeiro emprego. No sector privado destaca o contrato indefinido, co 41% dos graduados/as que traballan ocupando postos baixo esta tipoloxía de contrato. O 41,7% dos que teñen un traballo ocupan postos de persoal auxiliar, axudante ou un posto sen especialización ou formación previa requirida. O 93,8% ten localizado o seu posto de traballo actual en Galicia, mentres que o 6,3% restante está traballando noutra comunidade ou no estranxeiro.

Algo máis da metade dos titulados/as de Comercio e márketing (56,3%) consideran que o posto desempeñado actualmente responde ás súas expectativas laborais. O 52,8% seguen estudando e destes a metade están realizando outros ciclos formativos de FP.


O 13,3% declara a súa intención de crear a súa propia empresa nos vindeiros anos, sobre todo a medio prazo (entre un e tres anos). Este dato é similar á media xeral de FP (13,5%).

En canto a valoración dos ciclos, o 63% dos graduados/as desta familia dan unha valoración alta á formación cursada (5 e 6 sobre unha escala de 6).


Gráficas 121. Resultados de inserción laboral dos titulados/as na familia Comercio e márketing




Inserción laboral dos titulados/as sobre o total de persoas activas na familia




Situación actual dos titulados/as




Obtención dalgún emprego desde o remate do ciclo




Tempo que tardan en obter un emprego




Relación entre o ciclo cursado e o primeiro emprego




Relación entre o ciclo cursado e o emprego actual




O primeiro emprego foi na empresa onde se realizou a FCT




O emprego actual é na empresa onde se realizou a FCT




Outras vías de inserción laboral ao primeiro emprego




Outras vías de inserción laboral ao emprego actual




Modalidade laboral do primeiro emprego




Modalidade laboral do emprego actual




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector público




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector público




Tipoloxía contractual do primeiro emprego no sector privado




Tipoloxía contractual do emprego actual no sector privado




Categoría laboral no primeiro emprego




Categoría laboral no emprego actual




Localización do primeiro emprego




Localización do emprego actual




Cumpre o emprego actual coas expectativas que se tiña ao rematar os estudos




Persoas tituladas que seguen estudando



Tipo de estudos cos que seguen



Intención dos titulados/as de crear a súa propia empresa



	Satisfacción baixa (1;2)	Satisfacción media (3;4)	Satisfacción alta (5;6)
Valoración satisfacción	4,2%	32,7%	63,0%

Valoración do grao de satisfacción dos titulados/as coa formación recibida Escala do 1 "totalmente insatisfeito/a" ao 6 "completamente satisfeito/a"

Edificación e obra civil

O 57,1% dos titulados/as activos/as encóntranse traballando no momento da recollida dos datos, unha taxa de inserción laboral por riba da media xeral de FP no curso 2011-2012 (51,7%). Atendendo a súa situación actual, o 37,5% das persoas tituladas ocupan un posto de traballo (o dato a nivel xeral é do 35%), mentres que o 28,1% está buscando emprego e o 34,4% estudando. O 44,5% non obtivo ningún emprego tras rematar o ciclo cursado pero dos que si o obtiveron, o 63,4% acadárono antes dos 6 meses (mentres estudaban, de forma inmediata ao rematar ou antes dos 6 meses tras rematar o ciclo).



Titulados/as:
276 persoas

